

Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia (EGIA) 2018-2020

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Consellería de Política Social

Xunta de Galicia

Índice

I. INTRODUCCIÓN.....	3
II. MARCO CONCEPTUAL E NORMATIVO.....	7
II.1 CONTEXTUALIZACIÓN TEÓRICA	8
II.2 MARCO NORMATIVO	10
II.3 OUTROS INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A PLANIFICACIÓN	15
III. PRINCIPIOS ORIENTADORES DA ESTRATEXIA.....	17
IV. FINALIDADE E POBOACIÓN DESTINATARIA	22
IV.1. CARACTERIZACIÓN DA POBOACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE	23
IV.2 Os NENOS, NENAS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE PROTECCIÓN.....	27
IV.3 AS PERSOAS MENORES DE IDADE PENALMENTE RESPONSABLES	30
V. DESCRICIÓN DA ESTRUTURA DA EGIA.....	33
VI. ACTUACIÓNS DA ESTRATEXIA GALEGA PARA A INFANCIA E ADOLESCENCIA EGIA2018-2020.....	37
VI.1. LIÑA ESTRATÉXICA 1. PARA A PROMOCIÓN DOS DEREITOS E A PARTICIPACIÓN	38
VI.2. LIÑA ESTRATÉXICA 2. PARA UN CRECEMENTO EQUILIBRADO E SAUDABLE	46
VI.3. LIÑA ESTRATÉXICA 3. PARA A INTERVENCIÓN EN SITUACIÓNS DE DIFICULTADE, RISCO E CONFLICTO PERSOAL, FAMILIAR, ESCOLAR E SOCIAL	57
VI.4. LIÑA ESTRATÉXICA 4. PARA A MELLORA DA CALIDADE DO SISTEMA E A PRÁCTICA INSTITUCIONAL.....	67
ANEXO 1: METODOLOXÍA	74
ANEXO 2: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	79
ANEXO 3: TEMPORIZACIÓN E INDICADORES DE SEGUIMENTO DAS ACTUACIÓNS.....	81
ANEXO 4: ORZAMENTO	163

I. INTRODUCCIÓN



A **Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia (EGIA) 2018-2020** é un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta de Galicia impulsará nos vindeiros tres anos, dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma.

A EGIA representa unha aposta clara e decidida do Goberno galego por situar as necesidades e intereses da infancia e da adolescencia como prioridade na súa axenda política. Con ela preténdese seguir avanzando na consecución do benestar integral de nenos, nenas e adolescentes, incrementar a súa calidade de vida e contribuír ao seu pleno desenvolvemento como suxeitos activos.

É responsabilidade dos poderes públicos garantir o cumprimento dos dereitos fundamentais da infancia e da adolescencia, inspirados na Convención sobre os Dereitos do Neno. Isto supón estender a súa actuación máis alá do ámbito da protección e da reforma, mediante a posta en marcha de políticas que axuden a garantir un nivel de vida digno a todos os nenos, nenas e adolescentes e fomenten a súa participación nos distintos ámbitos.

Esta planificación adopta un enfoque transversal, de maneira que a perspectiva da infancia e da adolescencia se incorpora ao deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas, para contribuír á garantía dos dereitos, á satisfacción das necesidades e á consideración na toma de decisións de nenos, nenas e adolescentes.

A transversalidade tamén se plasmou no proceso de elaboración desta estratexia, produto da colaboración dos distintos departamentos da Administración autonómica. Esta filosofía de traballo colaborativa non debe quedar circunscrita ao ámbito da acción da administración, senón que, co obxecto de garantir o carácter integral e intersectorial das distintas medidas, a EGIA incorpora tamén as achegas realizadas por outros axentes sociais implicados na promoción dos dereitos e na atención da infancia e da adolescencia en Galicia.

Ademais de dar cumprimento á normativa internacional, estatal e autonómica vixente en materia de defensa e promoción dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes, a EGIA 2018-2020 encádrase no marco de cooperación das distintas Administracións públicas, promovido polo Goberno de España mediante a aprobación do II Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia 2013-2016 (II PENIA). Neste plan definíronse, de forma consensuada, as grandes liñas estratéxicas para o desenvolvemento das políticas destinadas á poboación infantil e adolescente, desde un enfoque que -máis alá das actuacións encamiñadas á protección dos e das menores- pretende incidir na vertente de promoción dos seus dereitos, promover a súa participación e recoñecer a nenos, nenas e adolescentes como persoas portadoras de dereitos e deberes.



No marco do conxunto das políticas sociais da Xunta de Galicia, o obxectivo desta Estratexia é desenvolver un sistema integral no que encadran todas aquelas actuacións encamiñadas á promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia. Con esta iniciativa darase continuidade aos recursos, programas e servizos que se dirixen a esta parte da poboación, optimizaranse os existentes aproveitando as sinerxías territoriais e institucionais, e crearanse novos recursos que favorezan o acceso de nenas, nenos e adolescentes en igualdade de oportunidades á saúde, á educación, á participación, ao lecer...

Para levar a cabo este propósito, a EGIA 2018-2020 articúlase en catro liñas estratéxicas: a primeira, destinada ao desenvolvemento de obxectivos e actuacións en materia de promoción dos dereitos e da participación; a segunda recolle as actuacións máis estreitamente relacionadas co benestar integral e o crecemento saudable da poboación infantil e adolescente; a terceira liña estratéxica confórmana un conxunto de obxectivos e actuacións orientados á intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar ou social e, por último, a cuarta pretende mellorar a calidade dos recursos dirixidos a nenos, nenas e adolescentes e a práctica das institucións implicadas.

En canto á estrutura deste documento e tras esta introdución -epígrafe 1- expónse o marco conceptual e normativo -epígrafe 2- no que se realiza unha breve aproximación teórica á evolución da concepción e abordaxe das necesidades da infancia e da adolescencia e se perfila o marco xurídico-normativo no que se encadra a estratexia.

Na epígrafe 3 expóñense os principios que orientaron a definición dos obxectivos e medidas que conforman a EGIA.

A epígrafe 4 describe a finalidade da estratexia, a poboación para a que se ten formulado, e realiza unha análise da poboación infantil e adolescente de Galicia, particularmente a que se atopa en situación de risco social, en situación de protección e executando medidas xudiciais penais.

A estrutura da EGIA expónse na epígrafe 5, diferenciando as liñas estratéxicas, os obxectivos estratéxicos, os obxectivos operativos e as actuacións. Estas actuacións preséntanse temporizadas e acompañadas dun conxunto de indicadores que permitirán medir o grao de consecución dos obxectivos presentados. Todos os indicadores referidos a persoas desagregaranse por sexo.

A epígrafe 6 constitúe a parte central do documento, xa que nela se plasma o conxunto de actuacións previstas para a súa execución ao abeiro desta estratexia no período 2018-2020. Este compendio de medidas, distribuídas en liñas estratéxicas e obxectivos operativos, é o resultado do mencionado proceso participativo de elaboración, grazas ao cal foi posible obter un instrumento de planificación que define e prioriza as accións que cómpre desenvolver para



abordar de maneira integral e transversal as necesidades e intereses da poboación infantil e adolescente de Galicia.

A dita epígrafe confórmana un total de catro apartados, un para cada unha das catro liñas estratéxicas que integran a EGIA. En cada un deles reproducécese a mesma secuencia expositiva: un primeiro subapartado, dedicado á xustificación ou motivación dos obxectivos operativos que se definiron, e un segundo punto no que se expoñen as actuacións previstas para a consecución de ditos obxectivos operativos.

Finalmente, pechan o documento catro anexos: o primeiro describe a metodoloxía desenvolvida para a elaboración da estratexia; no segundo indícanse as directrices xerais de seguimento e avaliación; o terceiro reflicte para cada actuación os órganos responsables, a temporalidade da súa execución e os indicadores de seguimento e o terceiro recolle o orzamento destinado ao desenvolvemento da EGIA.

II. MARCO CONCEPTUAL E NORMATIVO



II.1 CONTEXTUALIZACIÓN TEÓRICA

Hoxe en día non cabe dúbida de que os nenos, nenas e adolescentes son auténticos suxeitos titulares de dereitos fundamentais, non obstante non foi ata o século XX cando esta concepción comeza a arraigarse nas sociedades occidentais.


Se o século XX se caracterizou polos profundos cambios producidos na sociedade, tamén foi o escenario no que tivo lugar un desenvolvemento científico espectacular, incluídas as ciencias sociais e xurídicas, que introducen un novo paradigma de atención á infancia e á adolescencia desde a construción teórica sobre o desenvolvemento integral do ser humano. A partir destes cambios científicos e sociais, e xa na segunda metade do século, empeza a configurarse unha nova concepción xurídica en torno á Convención dos Dereitos do Neno que recoñece as persoas menores de idade como individuos suxeitos de dereitos e de oportunidades, e susceptibles de protección pola súa vulnerabilidade. Esta concepción descansa na necesidade de protexer a infancia e a adolescencia contra os abusos dos que foron obxecto ao longo da historia.

En España a partir dos anos oitenta é cando comeza a ter lugar unha radical transformación nas estruturas de atención á infancia, parella ao estudo na materia e ao desenvolvemento do estado de benestar e da investigación científica, que coincide, á súa vez, cun importante grao de desenvolvemento lexislativo en ámbitos como a educación, os servizos sociais, a familia, ou a igualdade de xénero.

Desde o punto de vista teórico, os estudos e investigacións levados a cabo contribuíron en boa medida a mellorar a atención á infancia e á adolescencia, moitos deles a partir da consideración das súas necesidades. Así mesmo, o interese polo coñecemento do benestar humano, as consecuencias da industrialización e as condicións de vida que emerxen nos anos sesenta nas sociedades occidentais, fan xurdir teorías en torno ao concepto de calidade de vida dos factores que a configuran, que dan lugar ao seu estudo e medición a través de indicadores. A calidade de vida comporta a consideración dun elemento obxectivo, no que as necesidades básicas das persoas se ven satisfeitas, e un subxectivo, representado pola percepción do grao de satisfacción que esa persoa experimenta. Por isto, resulta fundamental a identificación das necesidades básicas, para adecuar as respostas que se precisan nas distintas fases do desenvolvemento infantil e poder garantir deste xeito un crecemento san, equilibrado e harmónico dos nenos, nenas e adolescentes.

As necesidades básicas da infancia e da adolescencia poden ser clasificadas nos seguintes cinco grupos ou categorías:

FIGURA 1. CLASIFICACIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA¹.



Estas necesidades poden considerarse como fundamentais, que deben ser correctamente cubertas e ás que debe dar resposta o medio familiar co apoio do medio escolar e institucional. Por outra parte, os dereitos constitúen unha das dimensións integrantes da calidade de vida das persoas, polo que a garantía dun marco de dereitos da infancia e da adolescencia é determinante para a consecución dunha mellora na súa calidade de vida.

¹ Taxonomía de necesidades básicas realizada por Félix López, en López, F. *Necesidades de la infancia y protección infantil. Fundamentación teórica, clasificación y criterios educativos de las necesidades infantiles*. Ministerio de Asuntos Sociales, Madrid, 1995.



A Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea da Organización das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, representa a materialización do consenso en aspectos como a relación da persoa menor de idade coa familia, os dereitos e deberes das e dos proxenitores co Estado e as políticas sociais dirixidas á infancia.

Precisamente o artigo 27 do texto da Convención contempla o concepto de calidade de vida, en tanto que se recoñece o dereito de todo neno ou nena a *un nivel de vida adecuado para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social*. Os pais e as nais ou as persoas encargadas da persoa menor de idade teñen a responsabilidade primordial de proporcionarlle unhas condicións de vida axeitadas. Pola súa banda, o Estado é responsable de garantir e contribuír ao cumprimento deste dereito.

A Convención sobre os Dereitos do Neno supón, en definitiva, a superación dunha tradición xurídica que consideraba a persoa menor de idade como suxeito pasivo, a favor dunha concepción desta como suxeito activo e de pleno dereito.

A ratificación por parte de España do texto da Convención supuxo un avance significativo en materia de protección, promoción e defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia, inspirando toda a normativa posterior sobre esa materia.

II.2 MARCO NORMATIVO

Unha vez exposta a evolución da concepción sobre a infancia e a adolescencia e o carácter universal dos seus dereitos, cómpre perfilar o marco normativo no que se encadra a acción da Administración autonómica neste eido.

Normativa internacional

O artigo 10.2 da Constitución Española de 1978 establece que as normas relativas aos dereitos fundamentais e as liberdades que o propio texto constitucional recoñece deben se interpretadas de conformidade coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.

O marco normativo internacional de referencia confórmano, principalmente, as seguintes disposicións:

- A Declaración dos Dereitos do Neno, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 1.386 (XIV), do 20 de novembro de 1959.
- A Convención sobre os Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e ratificada por España en 1990.
- A Resolución A3-0172/92 do Parlamento Europeo, pola que se aproba a Carta Europea dos Dereitos do Neno.



- O Convenio da Haia, do 29 de maio de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, ratificado por España en 1995.

Existen ademais diversos convenios e tratados internacionais, impulsados por organizacións internacionais como as Nacións Unidas, a Organización Internacional do Traballo ou o Consello de Europa e ratificados por España, en materias sectoriais que afectan a nenos, nenas e adolescentes: traballo infantil, subtracción de menores, explotación sexual, adopción internacional etc., así como outras resolucións e recomendacións emanadas destes organismos internacionais e das institucións da Unión Europea, que inspiran, orientan e complementan o recoñecemento, respecto e aplicación dos dereitos da infancia e da adolescencia en España.

Entre os instrumentos máis recentes poden mencionarse: a Convención do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos de 2009; o Convenio da Haia relativo á competencia, á lei aplicable, ao recoñecemento, á execución e á cooperación en materia de responsabilidade parental e de medidas de protección dos nenos, ratificado por España en 2010 e o Convenio Europeo en materia de adopción de menores, aprobado en Estrasburgo o 27 de novembro de 2008 e ratificado por España en 2010.

Normativa estatal

A Constitución Española de 1978, norma suprema do ordenamento xurídico español, realiza, ao longo do seu articulado, diferentes mencións respecto da infancia e da adolescencia:

- O artigo 39 -capítulo III do título I- recolle que os poderes públicos asegurarán a protección social, económica e xurídica á familia, así como a protección integral dos fillos e das fillas, establecendo como obriga das e dos proxenitores prestar asistencia de toda orde ás fillas e aos fillos habidos dentro e fóra do matrimonio durante a súa minoría de idade. Ademais, o apartado 4 determina que os nenos e nenas gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos.
- O artigo 10 proclama que a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son o fundamento da orde política e da paz social.
- O artigo 14 establece o principio de igualdade ante a lei, sen que poida existir discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición persoal ou social.
- O artigo 20 -sección 1ª, capítulo II, título I- recoñece a liberdade de expresión e comunicación e indica no apartado 4 que estas liberdades teñen o seu límite no respecto aos dereitos fundamentais e liberdades públicas, nos preceptos das leis que os desenvolven e, especialmente, no dereito ao honor, á intimidade, á propia imaxe e á protección da xuventude e da infancia.



Da normativa estatal en materia de infancia e adolescencia destácanse, ademais:

- A Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.
- A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, marco de protección das persoas menores de idade que vincula a todos os poderes públicos, as institucións directamente relacionadas coa infancia, nais e pais, familiares e cidadanía en xeral.
- A Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, especialmente no que atinxe a persoas menores de idade estranxeiras non acompañadas, desenvolvida mediante o Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que aproba o seu o regulamento.
- A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, desenvolvida polo Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- A Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- A Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.
- A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da Vítima do Delito.
- A Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- O Código Civil, como norma reguladora do dereito de familia e das relacións xurídico-privadas.

Normativa autonómica

A Xunta de Galicia desenvolve a súa actuación dentro do marco de competencias exclusivas que lle atribúe o Estatuto de Autonomía nos apartados 23 e 24 do artigo 27: a asistencia social e a promoción do desenvolvemento comunitario.

Da normativa autonómica con rango de lei en materia de infancia e adolescencia destácanse:

- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, na que se encomenda ás Entidades Locais a responsabilidade na prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos e a execución de programas destinados á infancia e á xuventude.
- A Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, que recolle a regulación relacionada coa protección de menores no título I "Da protección dos menores" e título II "Da adopción".
- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



- A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que dedica o seu título II á infancia e á adolescencia e, tal e como indica no seu Preámbulo, desde unha perspectiva global que non restrinja a actuación dos poderes públicos ao ámbito da protección, senón que a faga extensible ao desenvolvemento de políticas de benestar que favorezan e garantan ao conxunto da poboación infantil e adolescente un nivel de vida digno. Esta perspectiva global implica asumir que a responsabilidade da atención aos nenos, nenas e adolescentes recae, en primeiro lugar, nos pais, nais ou persoas titoras, pero tamén nas administracións públicas e na sociedade en xeral.

Doutra banda, o artigo 38 recolle os principios que rexerán a actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e á adolescencia. Estes principios reitores son:

- a) A primacía do interese da persoa menor sobre calquera outro interese que inspire as actuacións públicas ou privadas de quen se encargue da súa protección por lexítimo que este sexa.
- b) A promoción, o respecto e a defensa dos dereitos individuais e colectivos recoñecidos aos nenos, ás nenas e aos e ás adolescentes coas garantías e nas condicións establecidas polo ordenamento xurídico e mais a remoción dos obstáculos que impidan ou dificulten o seu exercicio.
- c) O mantemento da persoa menor de idade no núcleo ou ámbito familiar ou no medio de orixe, agás que non sexa conveniente para o seu interese.
- d) A consecución da integración socio-familiar dos nenos, nenas e adolescentes, garantindo, sempre e cando sexa posible, a permanencia no seu ambiente familiar e medio comunitario.
- e) O estudo da problemática da infancia e da adolescencia e a aplicación dos programas e das medidas, tanto preventivas coma paliativas, desde unha perspectiva global.
- f) O fomento da solidariedade e a sensibilidade social perante as dificultades que afecten á infancia e á adolescencia, co obxecto de previr a marxinación e a explotación infantil, así como calquera manifestación de abuso, acoso e maltrato físico, psíquico ou emocional, e impulsar o papel da sociedade civil en defensa dos dereitos e as liberdades das e dos menores.
- g) O carácter eminentemente educativo e socializador de todas as medidas e actuacións que se adopten en relación cos nenos, nenas e adolescentes.
- h) A obxectividade, a imparcialidade e a seguridade xurídica nas actuacións de atención e protección, garantindo, sempre e cando sexa necesario, o carácter colexiado e interdisciplinar na toma de decisións.
- i) A confidencialidade e a reserva en relación con todas as actuacións que se leven a cabo en interese e defensa das persoas menores de idade.
- j) A axilidade na toma de decisións nas actuacións que as afecten.



k) A aplicación e a asignación racional dos recursos, xa teñan carácter de comunitarios ou especializados.

A cooperación, a colaboración e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicos ou privados, que interveñan na protección e na defensa da infancia e da adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social.

- A 6/2012, do 19 de xullo, de xuventude de Galicia.
- A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, indica que os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar. En particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGTBI máis vulnerables por razón de idade (as e os adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar.

A nivel regulamentario, cabe mencionar:

- O Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.
- O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspeccións dos servizos sociais de Galicia.
- O Decreto 192/2015, do 29 de outubro de 2015, polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.



II.3 OUTROS INSTRUMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A PLANIFICACIÓN

Máis alá do desenvolvemento xurídico-normativo, a actuación da Administración autonómica oriéntase tamén a dar cumprimento a unha serie de directrices de ámbito supranacional estatal que resulta de interese comentar:

- **A Estratexia para os dereitos do neno 2016-2021, do Consello de Europa**, a cal ten por obxecto servir de guía aos estados membros en cuestións como o modo de enfrontarse aos riscos que supón para a infancia a actual crise de persoas refuxiadas: o perigo do tráfico e os discursos de odio e xenofobia en aumento. Tamén se centra na situación de incerteza económica que alimenta a pobreza, a desigualdade e a exclusión, así como outras serie de riscos localizados nun contorno dixital que moitas veces expón á infancia a contido perigosos, ao abuso sexual e ao *ciberbullying*. A estratexia artículase en cinco áreas de actuación: a igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas, a participación para todos e todas, unha vida libre de violencia, unha xustiza adaptada á infancia e os dereitos do neno e a nena no contorno dixital.
- No marco da Unión Europea, tras a aprobación en 2001 da Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, **“Unha Axenda da Unión Europea en pro dos dereitos do Neno”**, cabe mencionar a Comunicación da Comisión **“Cara a unha estratexia da Unión Europea sobre os dereitos da infancia” do ano 2006**; que xira en torno a sete obxectivos específicos: capitalizar as actividades existentes e tratar as necesidades urxentes, establecer as prioridades das accións futuras da Unión, a integración dos dereitos da infancia nas accións da Unión, establecer mecanismos de coordinación e consulta eficientes, reforzar a capacidade e as competencias no ámbito dos dereitos da infancia, comunicar máis eficazmente sobre os dereitos da infancia e promover os seus dereitos no marco das relacións exteriores da UE.

Posteriormente, a Comisión elabora a Comunicación dirixida ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, **“Un lugar especial para a infancia na acción exterior da UE”**, de 2008, coa que se pretende reforzar a resposta da UE ante a situación da infancia nos países extracomunitarios. Xa en abril de 2017, a mesma Comisión presenta outra Comunicación ao Parlamento e ao Consello **“Protección dos menores migrantes”**, na que ademais de reforzar a acción exterior, compromete aos países da Unión a protexer a infancia nas rutas migratorias a través de obxectivos e medidas clave, así como de accións transversais de protección dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes.

- **o No plano estatal, o II Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia 2013-2016 (II PENIA)**, aprobado por Acordo do Consello de Ministros o 5 de abril de 2013 e



aínda vixente, constitúe o marco de cooperación de todas as Administracións públicas e doutros axentes sociais implicados nos dereitos da infancia. A súa aprobación supuxo unha aposta estratéxica e de lexislatura para situar a infancia como prioridade na axenda política. Como resultado dun proceso de elaboración participativo, no que interviñeron as distintas administracións e os principais axentes sociais implicados nos dereitos da infancia, no II PENIA defínense de xeito consensuado as grandes liñas estratéxicas de desenvolvemento das políticas de infancia, co obxectivo final de dar un efectivo cumprimento á Convención sobre os Dereitos do Neno, tendo en conta os dereitos pero tamén os deberes e responsabilidades das persoas menores de idade.

O II PENIA estrutúrase nos seguintes oito ámbitos: promover o coñecemento da situación da infancia e da adolescencia, o impacto das políticas de infancia, sensibilizar a poboación xeral e mobilizar os axentes sociais; apoio ás familias; medios e tecnoloxías da comunicación; protección e inclusión social; prevención e rehabilitación ante situacións de conflito social; educación de calidade; saúde integral, e participación infantil e contornos adecuados.

- Así mesmo, no ámbito autonómico a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia forma parte da planificación global e da execución das políticas públicas de carácter social da Xunta de Galicia, de xeito que debe ser interpretada e executada de maneira coordinada e baixo o establecemento de sinerxías que permitan desenvolver actuacións que redunden no benestar do conxunto da poboación infantil e adolescente de Galicia. En concreto, esta estratexia é coherente co **Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020**, e ao ser unha estratexia transversal afecta a varios obxectivos estratéxicos, enmarcándose fundamentalmente no Eixe 2 do dito plan -Benestar das persoas e as familias e cohesión social-, na Prioridade de actuación 3 -Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación- e no Obxectivo Estratéxico 1 -Garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade-.

Outros instrumentos de planificación en materia social estreitamente vinculados son:

- A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.
- O Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.
- A Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.

III. PRINCIPIOS ORIENTADORES DA ESTRATEGIA



A Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia, 2018-2020 inspírase nunha serie de principios que orientaron a determinación dos obxectivos operativos e que inspiraron a definición das medidas incluídas en cada liña estratéxica de intervención. Estes **principios orientadores** son:

- **A supremacía do interese da persoa menor de idade.** As medidas que se adopten en aplicación desta estratexia, tanto por parte das institucións públicas como privadas, realizaranse cunha consideración primordial do interese superior da persoa menor de idade. Este concepto defínese desde un contido triplo. Por unha parte, é un dereito substantivo no sentido de que a persoa menor ten dereito a que, cando se adopte unha medida que lle afecte, os seus mellores intereses tivesen sido avaliados e, no caso de que haxa outros intereses en presenza, se ponderaran á hora de chegar a unha solución. Por outra, é un principio xeral de carácter interpretativo, de maneira que se unha disposición xurídica pode ser interpretada en máis dunha forma débese optar pola interpretación que mellor responda aos intereses da persoa menor. Pero ademais, en último lugar, este principio é unha norma de procedemento. Nestas tres dimensións, o interese superior da persoa menor ten unha mesma finalidade: asegurar o respecto completo e efectivo de todos os seus dereitos, así como o seu desenvolvemento integral.
- **A promoción dos dereitos e do benestar de todos os nenos, nenas e adolescentes.** É necesario que teña lugar un cambio, tanto a nivel teórico como práctico, desde un enfoque centrado na prevención-protección a outro centrado na promoción dos dereitos da infancia e adolescencia, baseado no fomento da autonomía da persoa menor, como suxeito de pleno dereito. Para iso é necesario superar, desde o deseño mesmo das actuacións, o habitual enfoque de "protección á persoa menor de idade" cara a outro máis integrador de "promoción e desenvolvemento dos seus dereitos". Esta é a base que debe orientar o deseño e execución de medidas e a toma de decisións en relación á infancia e á adolescencia.
- **A prevención e apoio no propio medio do neno, nena ou adolescente: apoio familiar.** Todas as accións preventivas e o apoio no medio do neno, nena ou adolescente deben ser as medidas prioritarias para evitar as situacións de risco e desamparo. Ao falar de infancia e adolescencia é preciso referirse tamén á familia, sinalando como mellor política neste ámbito o fortalecemento da capacidade dos pais e as nais para atender aos seus fillos e fillas. Cando isto non sexa posible débese buscar outra alternativa familiar, facendo fincapé na prestación de servizos similares á familia, como o acollemento familiar, a adopción e outras solucións análogas. O obxectivo é



evitar, na medida do posible, o desarraigamento e o cambio de ámbito social de nenos, nenas e adolescentes en situación de especial vulnerabilidade.

- **A participación.** Todos os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a ser escoitados en relación cos asuntos que lles atinxen e a que a súa opinión se teña en conta, en consonancia á súa idade e grao de madurez. Así, a estratexia tenderá a promover a autonomía e participación da infancia e da adolescencia nos distintos ámbitos da vida social, cultural e deportiva, a través do fomento do asociacionismo e o voluntariado..., de forma adaptada ás distintas etapas evolutivas e con criterios de igualdade, non discriminación e respecto pola súa diversidade.
- **A perspectiva da infancia e da adolescencia como enfoque transversal.** A consideración dos dereitos dos nenos e nenas converteuse nun asunto verdadeiramente transversal para o Consello de Europa² e outras entidades e organismos. A perspectiva da infancia e da adolescencia debe trasladarse aos instrumentos de planificación e de actuación dos estados membro e, no caso español, tamén ás comunidades autónomas. Isto implica valorar de que maneira o deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas pode afectar e contribuír á garantía dos dereitos e á satisfacción das necesidades do neno, nena e adolescente e a telo en consideración na toma de decisións.
- **O respecto pola diversidade.** A estratexia promoverá un modelo social inclusivo, de respecto pola diversidade, no que se fomenten valores como a igualdade e a tolerancia e no que as diferenzas se integren como un factor de enriquecemento. Este modelo supón poñer en valor a presenza de diferenzas de distinta natureza en nenos, nenas e adolescentes: diversidade cultural, étnica, racial, de orientación e identidade sexual, etc.
- **A inclusión da perspectiva da discapacidade de maneira transversal.** A consideración transversal da discapacidade no deseño e posta en marcha das actuacións que integran o presente instrumento de planificación supón incorporar o principio de respecto pola diversidade das persoas con discapacidade e que todas as actuacións deseñadas para os nenos, nenas e adolescentes contemplan a consideración das súas necesidades específicas. O obxectivo é conseguir a súa participación en condicións de igualdade co resto da poboación e a súa plena inclusión social, en consonancia co establecido no artigo 23 da Convención sobre os Dereitos do Neno e cos obxectivos da Estratexia Europea sobre Discapacidade 2010-2020. As diferentes liñas de actuación

² Plan de Acción proposto polo Consello de Europa para a posta en marcha da Estratexia Europea sobre os dereitos do/a neno/a, 2012-2015).



enmarcadas nesta Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia levaranse a cabo tamén en consonancia coa Estratexia Galega sobre discapacidade 2015-2020. Ambas estratexias sumarán esforzos e recursos para acadar os obxectivos comúns.


- **A transversalidade da perspectiva de xénero.** A consideración da igualdade de xénero como un elemento transversal en todas as políticas e accións da Administración pública galega, debe impregnar tamén o deseño e execución desta estratexia. A transversalidade de xénero, ademais de ser un imperativo legal, constitúe unha ferramenta esencial no deseño de políticas públicas non discriminatorias nas que se atende ás diferenzas entre homes e mulleres e se avalían o seus efectos en función do xénero. Na práctica, este enfoque permite, por exemplo, que no traballo coa infancia e adolescencia e as súas familias se persiga unha participación equitativa na toma de decisións, libre da asignación de visións e roles estereotipados; se eduque desde a igualdade, tendo en conta as diferentes necesidades, expectativas e intereses de mulleres e de homes; se avalíen plans, programas e servizos utilizando indicadores de xénero previamente establecidos etc.

Ademais destes principios inspiradores da estratexia desde unha perspectiva global, cómpre enumerar unha serie de **criterios** que rexerán o desenvolvemento das actuacións deseñadas:

- A **responsabilidade pública** asumida pola Xunta de Galicia a través da elaboración, aprobación e desenvolvemento da presente estratexia.
- A **universalidade**, na medida en que se dirixe a todos os nenos, nenas e adolescentes, ás administracións públicas e á sociedade en xeral.
- A **igualdade**, sustentada no principio de non discriminación e que implica que todos os nenos, nenas e adolescentes son destinatarios das distintas actuacións desta estratexia en igualdade de condicións.
- A **equidade**, de xeito que se priorice a atención a aqueles nenos, nenas e adolescentes en situacións de vulnerabilidade ou desvantaxe social.
- A **coordinación**, entendida nun sentido amplo como cooperación e deseño de actuacións entre as distintas administracións públicas e entidades de iniciativa social que traballan neste ámbito, e como establecemento de sinerxías entre os sistemas máis directamente implicados no benestar da poboación infantil e adolescente: sistema educativo, sanitario, social e xudicial.
- A **accesibilidade universal**, criterio que se traduce na procura de servizos e espazos adaptados para o seu uso pola poboación infantil e adolescente da maneira máis autónoma e natural posible e no acceso á información e á comunicación.
- A **proximidade**, entendida como o impulso ao desenvolvemento de intervencións e á prestación de servizos desde o medio máis preto ao lugar de residencia do neno, nena ou adolescente.

- A **calidade e a eficiencia**, no sentido de optimizar os recursos existentes comprometéndose coa calidade dos servizos prestados.

FIGURA 2: ESTRATEXIA GALEGA PARA A INFANCIA E ADOLESCENCIA 2018-2020. ASPECTOS XERAIS



IV. FINALIDADE E POBOACIÓN DESTINATARIA



O obxectivo global desta estratexia é contribuír ao desenvolvemento dun sistema integral de atención á infancia e á adolescencia, a través de actuacións coordinadas e sinérxicas a nivel territorial e institucional capaces de cubrir as súas necesidades dunha forma flexible, avaliable e adaptativa, garantindo en todo momento os seus dereitos.

En canto á súa **poboación destinataria**, a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia parte do ámbito de aplicación estipulado no artigo 37, encadrado no título II da Lei 3/2011, do 30 de xuño, que establece que *para os efectos deste lei, enténdese por infancia o período de vida das persoas comprendido desde o nacemento ata os doce anos de idade, e por adolescencia o que abarca desde a devandita idade ata a maioría de idade establecida pola Constitución e o Código civil -os dezoito anos-*. Este título é aplicable a todas aquelas persoas menores de idade, calquera que sexa a súa nacionalidade, que teñan o seu domicilio ou se atopen transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, é de aplicación para as persoas maiores de idade nos supostos expresamente previstos no ordenamento xurídico ou, en relación con aspectos concretos, cando aquelas fosen obxecto dalgunha das medidas administrativas ou xudiciais previstas neste título antes de acadar a condición referida.


A continuación ofrécese unha análise de datos sobre a poboación infantil e adolescente de Galicia e sobre os nenos, nenas e adolescentes atendidos polo sistema de protección e de responsabilidade penal.

IV.1. CARACTERIZACIÓN DA POBOACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE

Realízase neste primeiro apartado unha descrición demográfica básica do principal colectivo destinatario da EGIA: a poboación residente en Galicia con idades comprendidas entre 0 e 17 anos.

Segundo as últimas cifras de poboación publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), correspondentes ao Padrón Municipal de Habitantes de xaneiro de 2017, a poboación infantil e adolescente de Galicia cífrase nun total de **387.417 persoas**, o que representa **o 14,30 % do total da poboación da comunidade autónoma**; cun lixeiro predominio masculino: 51,48 %, fronte ao 48,52 % de poboación feminina.


G.1 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DE GALICIA POR SEXO



Fonte: Elaboración propia a partir das cifras de poboación do Padrón Municipal de Habitantes. Datos de xaneiro de 2017 (INE). Instituto Galego de Estatística (IGE).

En consonancia coa distribución territorial do conxunto da poboación galega, a gran maioría dos nenos, nenas e adolescentes residen nas provincias atlánticas, en concreto 8 de cada 10.

G.2 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DE GALICIA POR PROVINCIAS



Fonte: Elaboración propia a partir das cifras de poboación do Padrón Municipal de Habitantes. Datos de xaneiro de 2017 (INE). Instituto Galego de Estatística (IGE).

C.1 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DE GALICIA POR IDADE SEGUNDO O SEXO


IDADES	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
0	9.231	4,91%	9.714	4,87%	18.945	4,89%
1	9.464	5,03%	10.037	5,03%	19.501	5,03%
2	9.444	5,02%	10.311	5,17%	19.755	5,10%
De 0 a 2 anos	28.139	14,97%	30.062	15,07%	58.201	15,02%
3	9.767	5,20%	10.161	5,09%	19.928	5,14%
4	10.222	5,44%	11.049	5,54%	21.271	5,49%
5	10.486	5,58%	11.325	5,68%	21.811	5,63%
De 3 a 5 anos	30.475	16,21%	32.535	16,31%	63.010	16,26%
6	10.727	5,71%	11.585	5,81%	22.312	5,76%
7	11.179	5,95%	11.870	5,95%	23.049	5,95%
8	11.546	6,14%	12.269	6,15%	23.815	6,15%
De 6 a 8 anos	33.452	17,80%	35.724	17,91%	69.176	17,86%
9	11.082	5,90%	11.625	5,83%	22.707	5,86%
10	10.976	5,84%	11.601	5,82%	22.577	5,83%
11	11.010	5,86%	11.500	5,77%	22.510	5,81%
De 9 a 11 anos	33.068	17,59%	34.726	17,41%	67.794	17,50%
12	10.836	5,76%	11.466	5,75%	22.302	5,76%
13	10.767	5,73%	11.327	5,68%	22.094	5,70%
14	10.282	5,47%	10.812	5,42%	21.094	5,44%
De 12 a 14 anos	31.885	16,96%	33.605	16,85%	65.490	16,90%
15	10.408	5,54%	11.028	5,53%	21.436	5,53%
16	10.394	5,53%	11.083	5,56%	21.477	5,54%
17	10.144	5,40%	10.689	5,36%	20.833	5,38%
De 15 a 17 anos	30.946	16,46%	32.800	16,45%	63.746	16,45%
TOTAL	187.965	100,00%	199.452	100,00%	387.417	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir das cifras de poboación do Padrón Municipal de Habitantes. Datos de xaneiro de 2017 (INE). Instituto Galego de Estatística (IGE).

O cadro nº 1 mostra a estrutura da poboación infantil e adolescente por idades simples e por grupos etarios. Sen variacións significativas segundo o sexo na distribución interna dos datos, os intervalos con maior peso porcentual corresponden aos das nenas e os nenos con idades comprendidas entre os 6 e os 11 anos (por riba do 17 % nos dous tramos). O grupo menos numeroso constitúe o dos nenos e nenas de 3 anos, cun 15,02 %.

Estas variacións na estrutura poboacional aprécianse máis claramente nas pirámides de poboación que se mostran a continuación, para Galicia e as catro provincias. Nelas evidénciase o menor número de nacementos rexistrados nos últimos anos, medrando as cifras de nenas e nenos nos intervalos sinalados (de 6 a 11), para descender outra vez entre os 12 e os 17 anos.



G.3 ESTRUTURA DA POBOACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DE GALICIA





Fonte: Elaboración propia a partir das cifras de poboación do Padrón Municipal de Habitantes. Datos de xaneiro de 2017 (INE). Instituto Galego de Estatística (IGE).

A Coruña e Pontevedra, acorde co maior peso de poboación que rexistran, reflicten unha estrutura da poboación infantil e adolescente semellante á do conxunto de Galicia, sendo máis irregular na provincia de Ourense e moi uniforme en Lugo.

G.4 a G.7 ESTRUTURA DA POBOACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS.





Fonte: Elaboración propia a partir das cifras de poboación do Padrón Municipal de Habitantes. Datos de xaneiro de 2017 (INE) Instituto Galego de Estatística (IGE).

IV.2 OS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE PROTECCIÓN

Correspóndelle á Xunta de Galicia a asunción da tutela dos e das menores que se atopan en situación de desamparo e o exercicio da garda nos supostos determinados polas leis de atención e protección da infancia (art. 61 e 64 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia). A 31 de decembro de 2017 o número de nenos, nenas e adolescentes tutelados/as pola Xunta de Galicia era de 1.731 e 653 permanecían en situación de garda administrativa.

A atención en centros de protección

A atención a nenos, nenas e adolescentes en centros de protección ten por finalidade prestar atención nunha institución a aqueles e aquelas que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separadas temporalmente do seu núcleo familiar e para as que non é viable a utilización doutro recurso.

Os centros de protección de menores son aqueles que ofrecen aloxamento, asistencia integral e unha dotación de servizos e programas especialmente orientados a conseguir a normalización e integración sociofamiliar das nenas e nenos acollidos. A atención que se presta nestes centros pode ser en réxime de internado ou de atención diúrna.

Para o desenvolvemento deste programa a Consellería de Política Social conta cos seguintes equipamentos (M2 Anexo IV):



- 4 centros de titularidade e xestión propia.
- 68 centros concertados con entidades de iniciativa social.

No ano 2017 foron atendidas un total de **1.524 nenos, nenas e adolescentes nalgún destes centros.**

C.2 NENAS, NENOS E ADOLESCENTES ATENDIDOS EN CENTROS DE PROTECCIÓN SEGUNDO A MODALIDADE DE ATENCIÓN E POR SEXO

TIPO DE CENTRO	RÉXIME DE INTERNAMIENTO		ATENCIÓN DIÚRNA		TOTAL	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL	521	561	197	245	718	806

Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social. Datos de decembro de 2017.

O acollemento familiar

O acollemento familiar é un recurso de protección orientado ao coidado de nenos, nenas ou adolescentes que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o seu coidado a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

O seu obxectivo xeral é garantir o dereito do neno, nena ou adolescente a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

Os acollementos poden facerse na familia extensa da persoa menor, isto é, cando existen vínculos de parentesco entre a familia acollidora e o neno, nena ou adolescente: avós e/ou avoas, tíos e/ou tías, irmáns e /ou irmás..., ou ben en familias alleas (cando non existe parentesco). Sempre que sexa posible, e que as circunstancias propias do caso non o desaconsellen, considérase prioritario que o acollemento se faga na familia extensa, para favorecer a permanencia do neno, nena ou adolescente no seu propio ambiente.

En 2017 beneficiáronse dalgún tipo de acollemento familiar 1.265 nenos, nenas e adolescentes: 1.013 deles/as foron acollidos e acollidas na súa familia extensa (nun total de 715 familias), mentres que 252 o foron por persoas sen vínculo de parentesco (en 157 familias).



C.3 e C.4 NENOS, NENAS E ADOLESCENTES E FAMILIAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE
ACOLLEMENTO FAMILIAR SEGUNDO TIPO DE ACOLLEMENTO POR PROVINCIA.

ACOLLEMENTO	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		TOTAL	
	Familias	Nenos/as	Familias	Nenos/as	Familias	Nenos/as	Familias	Nenos/as	Familias	Nenos/as
Familia extensa	314	471	37	52	79	107	285	380	715	1.013
Familia allea	82	136	9	19	25	45	41	52	157	252
TOTAL	396	610	46	71	104	152	326	432	872	1.265

Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social. Datos de decembro de 2017.

A adopción

A adopción é un recurso legal dirixido a proporcionarlle un fogar permanente ao neno ou nena que se atopa en situación de desamparo.

A finalidade deste recurso é proporcionarlles a nenos, nenas ou adolescentes en situación legal de seren adoptados unha familia que satisfaga as súas necesidades afectivas, socioeducativas e de desenvolvemento persoal, facendo prevalecer o interese do ou da menor de idade sobre calquera outro.

- No ano 2017 presentáronse un total de **89 solicitudes de adopción nacional** e ditáronse **43 autos de adopción**.
- No ámbito da **adopción internacional** presentáronse **64 solicitudes** e leváronse a cabo **52 preasignacións** de nenos e nenas.
- Ademais, existen nenas, nenos e adolescentes tutelados pola Xunta de Galicia susceptibles de seren adoptados pero que polas súas características -idade, discapacidade ou enfermidade, formar parte dun grupo de irmás e/ou irmáns que non deben ser separados....- teñen máis dificultade para ser adoptados. A través do **Programa de adopcións especiais**, durante o ano 2017, estiveron no programa (en busca de familia) 9 nenos e nenas; un/ unha iniciou o acollemento preadoptivo e 30 encontrábanse en adopción ou en acollemento preadoptivo acompañadas polo programa.



IV.3 AS PERSOAS MENORES DE IDADE PENALMENTE RESPONSABLES

A Xunta de Galicia leva a cabo as actuacións necesarias para a execución das medidas previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, así como na normativa vixente relacionada, a través do Programa de execución de medidas xudiciais de internamento e do Programa de execución de medidas xudiciais en medio aberto.

As medidas xudiciais que estiveron en execución durante o ano 2017 afectaron a un total de 676 rapaces e rapazas maiores de catorce anos, cun notable predominio masculino: 3 de cada 4 son homes.

C.8 PERSOAS MENORES DE IDADE QUE CUMPREN MEDIDAS XUDICIAIS POR PROVINCIAS SEGUNDO O SEXO.

PROVINCIA	MULLERES	HOMES	TOTAL
A Coruña	66	220	286
Lugo	22	74	96
Ourense	30	73	103
Pontevedra	28	168	196
TOTAL	144	532	676

* Os totais non coinciden coa suma total por provincias porque unha mesma persoa menor pode executar en máis dunha provincia.


Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social. Datos de decembro de 2017.

A comisión de ilícitos penais aumenta conforme ascende a idade dos e das adolescentes no momento en que tiveron lugar os feitos. Se se atende á idade na que se executan as medidas xudiciais compróbase que estas se aplican en maior medida entre os 16 e os 17 anos³.

³ A suma total das persoas menores por tramos de idade non coincide co número total de menores que estiveron executando medidas xudiciais porque houbo menores que cometeron varios feitos delituosos no mesmo ano pero con idades diferentes.




G.8 PERSOAS MENORES DE IDADE QUE CUMPREN MEDIDAS XUDICIAIS SEGUNDO A IDADE NO MOMENTO DA COMISIÓN DO/S FEITO/S DELICTUOSO/S



Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social. Datos de decembro de 2017.

G.9 PERSOAS MENORES DE IDADE QUE CUMPREN MEDIDAS XUDICIAIS SEGUNDO A IDADE DURANTE O SEU CUMPRIMENTO



Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social. Datos de decembro de 2017.



C.9 PERSOAS MENORES DE IDADE POR PROVINCIA DE XESTIÓN SEGUNDO O TIPO
DE PROGRAMA DE EXECUCIÓN DE MEDIDAS XUDICIAIS

PROVINCIA DE XESTIÓN	EN INTERNAMENTO	EN MEDIO ABERTO
A Coruña	69	260
Lugo	18	89
Ourense	30	87
Pontevedra	56	177
TOTAL⁴	172	610

Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social. Datos de decembro de 2017.

⁴ Prescídese de incluír nesta táboa a suma de totais e os subtotais por provincias posto que o cómputo total de persoas menores de idade con medidas de internamento e medio aberto non coincide co número total de menores que executaron medidas, xa que hai menores que executaron medidas dos dous tipos: de internamento e de medio aberto e incluso algúns que executaron algunha medida en varias provincias.

V. DESCRICIÓN DA ESTRUTURA DA EGIA

A estrutura da Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia está integrada polos seguintes elementos:

- **Liñas estratéxicas**, que representan as grandes áreas nas que se pretende intervir a través da estratexia.
- **Obxectivos estratéxicos**, que representan as metas ou obxectivos xerais pretendidos e, en consecuencia, coinciden co cambio global e estrutural que se quere incentivar na sociedade galega no ámbito da infancia e adolescencia. Cada liña estratéxica ten asociado un obxectivo estratéxico.
- **Obxectivos operativos**, que indican as metas concretas que axudan a conseguir o obxectivo estratéxico e que deben posibilitar a súa consecución a través dun conxunto integrado de actuacións.
- **Actuacións**, que representan as medidas concretas que se desenvolverán no marco temporal da estratexia e que permitirán o logro dos obxectivos operativos formulados.

FIGURA 3: ESTRATEXIA GALEGA PARA A INFANCIA E ADOLESCENCIA 2018-2020. ESTRUTURA BASE



A estrutura descrita responde á análise da situación de partida, así como das fortalezas e dos aspectos de mellora dos programas e recursos vixentes dirixidos especificamente á infancia e adolescencia. Responde tamén, moi especialmente, á pretensión da EGIA de ser unha iniciativa marco do Goberno galego orientada a unir esforzos e aproveitar as sinerxias para que as necesidades, os intereses, as inquiredanzas e a situación en xeral da poboación infantil e adolescente de Galicia se aborde dun xeito integral e con carácter transversal no conxunto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

A EGIA estrutúrase nas seguintes **catro liñas estratéxicas**, ás que están asociados outros tantos obxectivos estratéxicos

- **Liña estratéxica 1.** Para a promoción dos dereitos e a participación.
- **Liña estratéxica 2.** Para un crecemento equilibrado e saudable.
- **Liña estratéxica 3.** Para a intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar, escolar e social.
- **Liña estratéxica 4.** Para a mellora da calidade do sistema e a práctica institucional.

FIGURA 4: ESTRUCTURA BASE DA EGIA:LIÑAS ESTRATÉXICAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVO ESTRATÉXICO
1. Para a promoción dos dereitos e a participación	Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na comunidade e en calquera proceso que lle afecte, tendo en conta as súas inquiredanzas, opinións, demandas e propostas e as diferenzas por motivos de xénero, culturais e de capacidade.
2. Para un crecemento equilibrado e saudable	Procurar o benestar físico, psíquico, emocional e social da poboación infantil e adolescente, a través da promoción de estilos de vida saudables e de ámbitos familiares, medioambientais e sociais axeitados, así como mediante a detección e a prevención de factores de risco que comprometan o seu desenvolvemento integral, considerando de forma transversal o enfoque de xénero.
3. Para a intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar, escolar e social	Desenvolver unha intervención integral, que teña en conta as diferenzas individuais, de xénero e os contextos sociofamiliares, dirixida a nenas, nenos e adolescentes que se atopen en situacións de gran vulnerabilidade, incluídas aquelas que sexan responsables penalmente segundo a lexislación aplicable.
4. Para a mellora da calidade do sistema e a práctica institucional	Reforzar a calidade dos recursos dirixidos á infancia e á adolescencia a través da investigación e do coñecemento, da formación, da capacitación e da cooperación para lograr maiores cotas de benestar, considerando o enfoque de xénero e criterios de eficacia e eficiencia.



O número de actuacións que integran a estratexia na versión actual ascende a un total de 227, distribuídas entre 24 obxectivos operativos que guían as catro liñas estratéxicas (ver cadros resumo en anexo).

As actuacións preséntanse temporizadas e acompañadas dun conxunto de indicadores que permitirán medir o grao de logro dos obxectivos presentados. Todos os indicadores referidos a persoas desagregaranse por sexo.

**VI. ACTUACIÓNS DA ESTRATEXIA GALEGA
PARA A INFANCIA E ADOLESCENCIA
EGIA2018-2020**



VI.1. LIÑA ESTRATÉXICA 1. PARA A PROMOCIÓN DOS DEREITOS E A PARTICIPACIÓN

VI.1.1. Xustificación

A promoción dos dereitos e o fomento da participación activa de nenos, nenas e adolescentes, ademais de constituír principios orientadores de todas as actuacións contempladas na Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia, configúranse tamén como unha liña estratéxica da Administración autonómica galega para os vindeiros anos.

A aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno representou un significativo avance na concepción do neno, nena ou adolescente como suxeito de dereitos e obxecto de protección por parte do Estado e da sociedade. Ademais, a Convención dispón que o exercicio dos dereitos da persoa menor de idade é progresivo en virtude da súa evolución; e que lles corresponde ao pai, á nai ou ás demais persoas responsables, no seu caso, impartir a orientación e dirección apropiadas para que exerza os dereitos recoñecidos nesta. Esta disposición relativa á autonomía progresiva da persoa menor de idade constitúe un dos principios que estruturan o sistema de dereitos recoñecidos pola Convención.

Do principio de autonomía progresiva derívase o recoñecemento do neno, nena ou adolescente non só como suxeito de dereitos, senón tamén de deberes. Os nenos, nenas e adolescentes, en consonancia co seu grao de madurez, son tamén portadores de obrigas na esfera familiar, educativa e social, relacionadas fundamentalmente con valores como o respecto aos demais.

Doutra banda, o exercicio da autonomía progresiva implica tamén o recoñecemento e promoción dos dereitos de participación e expresión, así como o de escoita en todos os procesos que lles afecten.

Esta primeira liña estratéxica dedícase á promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia e da súa participación nas distintas esferas da sociedade. Para a consecución desta meta propónse como obxectivo estratéxico **promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e da adolescencia, así como a súa participación activa na comunidade e en calquera proceso que lles afecte, tendo en conta as súas inxerencias, opinións, demandas e propostas e as diferenzas por motivos de xénero.**

Para materializar o obxectivo estratéxico establécense un total de seis obxectivos de carácter operativo. Con eles a Administración autonómica procurará o **coñecemento e a sensibilización da cidadanía sobre as necesidades, dereitos e deberes da infancia e da adolescencia** e facilitará información sobre a realidade de nenos, nenas e adolescentes e porá en marcha



medidas para a **difusión e a mellora da información dispoñible sobre os recursos existentes na comunidade autónoma.**

Pero o compromiso da Xunta da Galicia cos dereitos de nenas, nenos e adolescentes vai máis alá, promovendo o principio de transversalidade da **perspectiva da infancia e da adolescencia nas distintas políticas públicas** que permitirán situar o interese superior da persoa menor de idade no deseño e aplicación destas.

Esta primeira liña recolle tamén un conxunto de **actuacións destinadas á poboación infantil e adolescente para facilitarlle o coñecemento sobre os seus dereitos e deberes así como sobre os seus recursos.** Neste sentido, a consideración da accesibilidade como principio reitor da estratexia implica un esforzo engadido que terá tradución na posta en marcha de iniciativas dirixidas á elaboración e difusión de mensaxes e materiais adaptados a este grupo de poboación, entre outras, unha guía de recursos públicos en versión infantil/xuvenil ou a difusión da xa mencionada Liña de Axuda á Infancia, mediante información adaptada e accesible, especialmente nos lugares de maior afluencia de nenos, nenas e adolescentes.

O **fomento da participación da poboación infantil e adolescente** concrétase no impulso do papel da infancia e da adolescencia na sociedade, na súa visualización como cidadanía activa e na promoción do seu dereito á libre expresión. Este labor implica, que as administracións impulsen iniciativas baseadas na educación para a participación adaptadas ás diferentes etapas evolutivas: iniciativas asociadas á promoción do diálogo e o debate, o asociacionismo xuvenil, o voluntariado entre a poboación adolescente como mecanismo de compromiso coa comunidade, incluíndo o fomento da solidariedade e a posta en valor da cooperación ao desenvolvemento e a sensibilización ante as situacións de pobreza e desigualdade que afectan a nenas, nenos e adolescentes en todo o mundo.

Realizar estudos, recompilar de datos e a súa adecuada difusión, sitúanse a través desta estratexia no horizonte de actuación de distintos departamentos da administración galega.

Os medios de comunicación xogan un papel central na transmisión de valores, estilos de vida e pautas de comportamento. **Por iso promover uns medios de comunicación comprometidos coa infancia e a adolescencia** é un dos obxectivos desta liña estratéxica. Non só mediante a transmisión de contidos, senón tamén a través dun tratamento axeitado e en positivo das informacións relacionadas coa poboación infantil e adolescente, que sexa respectuoso coa diversidade, e en particular, comprometido coa difusión dunha imaxe social positiva dos nenos, nenas e adolescentes con discapacidade.



VI.1.1. Obxectivos operativos e actuacións

LIÑA ESTRATÉXICA 1. Para a promoción dos dereitos e a participación	Obxectivo estratéxico: Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na comunidade e en calquera proceso que lle afecte, tendo en conta as súas inquiredanzas, opinións, demandas e propostas e as diferenzas por motivos de xénero, culturais e de capacidade.
--	--

SENSIBILIZACIÓN
XERAL

Obxectivo operativo 1.1. Establecer mecanismos que posibiliten o coñecemento e sensibilización da sociedade sobre os dereitos e deberes das nenas, nenos e adolescentes, a súa realidade e necesidades, así como sobre os recursos dispoñibles.

ACTUACIÓNS:

1.1.1 Deseño e posta en marcha de actividades de sensibilización sobre os dereitos, deberes e necesidades da infancia e a adolescencia dirixidas ao conxunto da cidadanía (campañas en medios de comunicación, organización de xornadas divulgativas, conmemoración do Día dos dereitos da infancia...).

1.1.2. Realización de actividades formativas dirixidas á comunidade educativa sobre os dereitos e deberes da infancia e adolescencia e en particular sobre a Convención sobre os Dereitos do Neno.

1.1.3 Elaboración e difusión dun caderno sobre os dereitos e deberes e necesidades de nenas, nenos e adolescentes dirixido á poboación xeral.

1.1.4 Elaboración e difusión dunha guía de recursos públicos destinados á infancia e adolescencia.

1.1.5 Recopilación de recursos privados ao servizo da infancia e da adolescencia existentes na Comunidade autónoma galega.

1.1.6 Actualización permanente dos contidos sobre infancia e adolescencia na web oficial "Portal de Benestar" da Xunta de Galicia, con información de interese para a poboación xeral, entidades e profesionais que traballan neste ámbito.

1.1.7 Difusión da Liña de Axuda á Infancia mediante mensaxes que acheguen o teléfono 116 111 ao conxunto da cidadanía e ás persoas profesionais do ámbito da infancia e da



adolescencia e informen sobre a natureza deste servizo a través de distintos medios (campañas de publicidade institucional, información en medios de comunicación, inclusión como mensaxe corporativa nas comunicacións do departamento responsable ...).

1.1.8 Establecemento dun recoñecemento público para as persoas e institucións que destaquen polo seu labor na defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia a través dunha convocatoria anual de premios.

1.1.9 Difusión entre o conxunto da cidadanía do servizo de información, formación e asesoramento personalizado a adolescentes sobre asuntos que lles afectan e interesan.

1.1.10 Difusión de contidos para a sensibilización e información a profesionais e familias sobre os dereitos e necesidades das nenas e dos nenos, a través da páxina web e *blogs* asociados da Rede de Escolas Infantís.

1.1.11 Posta en marcha de actividades de información e sensibilización dirixidas á toda a cidadanía sobre a necesaria inclusión de nenos e nenas afectados por algún tipo de dificultade ou factor de vulnerabilidade ou en risco de padecerlos.

1.1.12 Apertura de liñas de colaboración entre os departamentos competentes en materia de infancia e adolescencia e acción exterior co fin de mellorar a situación da infancia no mundo.

PERSPECTIVA DA
INFANCIA NAS
POLÍTICAS
PÚBLICAS

Obxectivo operativo 1.2. Fomentar actuacións favorables aos dereitos da infancia e adolescencia, incluíndo o interese superior de nenos, nenas e adolescentes como principio de actuación transversal e prioritario en todas as políticas públicas.

ACTUACIÓNS:

1.2.1 Fomento da inclusión da perspectiva da infancia e a adolescencia nos contidos das accións formativas da Administración Xeral da comunidade autónoma e do sector público autonómico.

1.2.2 Establecemento progresivo dun sistema de medición e a realización dun informe previo do impacto sobre a infancia e a adolescencia da normativa impulsada pola administración autonómica.

1.2.3 Impulso á constitución de comisións profesionais de protección da infancia e da adolescencia tanto por parte da administración autonómica como local.

1.2.4 Promoción de plans pola infancia e a adolescencia no ámbito da administración local.



1.2.5 Impulso do Pacto de Estado pola Infancia co obxecto de aumentar as adhesións a este, tanto na administración local como na autonómica.

1.2.6 Realización de campañas de sensibilización sobre as consecuencias e o impacto da violencia de xénero en nenos, nenas e adolescentes, sobre todo baseadas no uso das novas tecnoloxías e dos novos soportes da información e da comunicación.

1.2.7 Inclusión dun informe sobre o impacto dos orzamentos na infancia na tramitación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

1.2.8 Posta en marcha de actuacións encamiñadas a adhesión dos concellos ao Programa Cidades amigas da infancia (CAI).

**COÑECEMENTO
SOBRE OS SEUS
PROPIOS
DEREITOS**

Obxectivo operativo 1.3. Proporcionar á poboación infantil e adolescente un maior coñecemento sobre os seus dereitos e deberes e información sobre os recursos dispoñibles en materia de infancia e adolescencia.

ACTUACIÓNS:

1.3.1 Difusión da Liña de Axuda á Infancia mediante información adaptada á poboación infantil e adolescente, facéndoa accesible especialmente nos lugares de especial afluencia tanto de nenos e nenas como de adolescentes.

1.3.2 Elaboración dun caderno informativo sobre os dereitos e deberes da infancia e da adolescencia adaptado a este grupo de poboación.

1.3.3 Elaboración e difusión dunha guía de recursos públicos dispoñibles para a infancia e a adolescencia en Galicia cunha definición e catalogación en versión infantil/xuvenil.

1.3.4 Adaptación e difusión en versión infantil/xuvenil de textos legais e instrumentos de planificación vixentes, así como doutros materiais de interese en materia de infancia e adolescencia.

1.3.5 Utilización das principais redes sociais para que rapazas e rapaces teñan coñecemento dos seus dereitos e deberes así como dos recursos dispoñibles, a través de mensaxes claras e adaptadas.

1.3.6 Realización de actividades para facilitar o coñecemento dos dereitos asociados á cidadanía dos e das adolescentes de Galicia que residen no exterior, así como da realidade actual da comunidade autónoma.



1.3.7 Información e sensibilización sobre os dereitos e deberes da infancia e da adolescencia a través de actividades lúdicas dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes ingresados en centros hospitalarios.

1.3.8 Mantemento e actualización nos currículos de Primaria e Secundaria de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais relacionados co coñecemento, exercicio efectivo e defensa dos dereitos e deberes da infancia e da adolescencia.

PARTICIPACIÓN

Obxectivo operativo 1.4. Promover iniciativas que impliquen un maior protagonismo e presenza da infancia e da adolescencia na sociedade co fin de lograr o recoñecemento do seu papel, visualizala como cidadanía activa e de pleno dereito e garantir a súa educación para a participación, así como que sexa escoitada en todos os asuntos que lle afectan, fomentando a súa intervención en diversos ámbitos da vida social e comunitaria.

ACTUACIÓNS:

1.4.1 Elaboración dun boletín informativo anual sobre participación infantil e adolescente que recolla e difunda as iniciativas públicas postas en marcha na comunidade autónoma.

1.4.2 Inclusión da participación de nenos, nenas e adolescentes na toma de decisións sobre organización e funcionamento dos programas e dos centros como criterio de valoración nos pregos de contratación dos centros de menores.

1.4.3 Creación dun espazo na web institucional da Consellería de Política Social como caixa de correo para a recollida de suxestións.

1.4.4 Impulso da instalación de soportes para a recollida de suxestións por parte de nenos, nenas e adolescentes en centros públicos e lugares de especial afluencia de poboación infantil e xuvenil.

1.4.5 Deseño e posta en marcha de iniciativas de participación presencial para que nenos, nenas e adolescentes trasladen as súas demandas, necesidades e inxerencias ás distintas administracións públicas, como os Consellos municipais de participación infantil e adolescente.

1.4.6 Fomento do debate por parte de nenas, nenos e adolescentes en institucións representativas, así como a organización de encontros para promover o diálogo como ferramenta de expresión das ideas propias.



1.4.7 Establecemento de liñas de axudas ás entidades locais que garantan o funcionamento do servizo de información xuvenil, a realización de actividades formativas e educativas dirixidas a nenos, nenas e adolescentes, e fomenten o asociacionismo xuvenil.

1.4.8 Realización de actividades dirixidas á mocidade que estimulen habilidades de participación e debate, a cultura política e o coñecemento de dereitos mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

1.4.9 Organización de certames/actividades de recoñecemento para premiar a creatividade e o talento da mocidade galega non profesional.

1.4.10 Promoción do voluntariado entre a poboación infantil e adolescente a través da realización de diferentes actividades nos centros de ensino que promovan valores de solidariedade, participación e compromiso social.

1.4.11 Impulso á participación da xuventude galega do exterior nas actividades e nos órganos de representación das entidades galegas a través de diferentes actuacións (congresos, seminarios, cursos...).

1.4.12 Creación de equipos de información xuvenil constituídos por alumnado e profesorado para difundir información de interese para a mocidade e fomentar a súa participación neste ámbito.

1.4.13 Creación do Consello Autonómico de Infancia como órgano de representación infantil.

VISIBILIZACIÓN
DA SÚA
SITUACIÓN

Obxectivo operativo 1.5. Visibilizar o estado actual da infancia e da adolescencia en Galicia a través da difusión de estudos, investigacións, informes, ou calquera outro tipo de datos con información sobre a súa situación.

ACTUACIÓNS:

1.5.1 Publicación anual de estatísticas sobre execución de medidas xudiciais e medidas de protección de menores, que inclúan información sobre nenas, nenos e adolescentes estranxeiros non acompañados.

1.5.2 Publicación dunha memoria anual de actividades do departamento administrativo autonómico competente en materia de infancia e adolescencia.



1.5.3 Creación dun centro documental de acceso telemático para a divulgación de todo tipo de materiais sobre infancia e adolescencia de interese para profesionais que traballan neste eido e para a poboación xeral.

1.5.4 Recompilación e difusión periódica e actualizada de datos estatísticos sobre a situación dos mozos e mozas de 16 e 17 anos no mercado laboral galego a través do paro rexistrado e a contratación.

1.5.5 Promover a realización de consultas que permitan medir a satisfacción vital dos nenos, nenas e adolescentes en aspectos clave para o seu desenvolvemento.

MEDIOS DE
COMUNICACIÓN

Obxectivo operativo 1.6. Promover uns medios de comunicación amigables e respectuosos coa infancia e a adolescencia.

ACTUACIÓNS:

1.6.1 Elaboración e difusión dun código deontolóxico para a protección da infancia e da adolescencia nos medios de comunicación e as novas tecnoloxías dirixido ás persoas profesionais da información e comunicación.

1.6.2 Avaliación periódica das boas prácticas dos medios de comunicación no tratamento da información sobre a infancia e a adolescencia.

1.6.3 Impulso á adopción de instrumentos de colaboración cos medios de comunicación para a difusión da Liña de axuda á Infancia xunto coas informacións relacionadas coa poboación infantil e adolescente, así como para un tratamento en positivo das comunicacións realizadas.

1.6.4 Impulso á introdución de contidos relacionados cos dereitos da infancia e da adolescencia nos currículos das titulacións do ámbito da comunicación existentes nas universidades galegas.

1.6.5 Establecemento dun premio ou recoñecemento público anual ao medio ou medios de comunicación respectuosos coa infancia e adolescencia.



VI.2. LIÑA ESTRATÉXICA 2. PARA UN CRECEMENTO EQUILIBRADO E SAUDABLE

VI.2.1. Xustificación

De todas as etapas evolutivas do ser humano, a infancia constitúe o período no que teñen lugar máis procesos de desenvolvemento e cambios de maior intensidade. O interese polo desenvolvemento durante estes anos e, por defender os dereitos de nenos, nenas e adolescentes a un crecemento san constitúen valores fundamentais da nosa sociedade.

Acorde coa visión global desta estratexia, enfocada a satisfacer o benestar integral de nenas, nenos e adolescentes, esta segunda liña estratéxica ten como finalidade contribuír a un crecemento equilibrado e saudable. Articulando con ese fin toda unha serie de medidas, enfocadas a **procurar o benestar físico, psíquico e emocional da poboación infantil e adolescente, a través da promoción de estilos de vida saudables e de medios ambientais e sociais axeitados, sen esquecer a importancia da perspectiva da prevención e a detección precoz de factores de risco que poidan comprometer o seu desenvolvemento integral.**

O marco adecuado para a socialización, a educación e o desenvolvemento físico e afectivo da nena, neno ou adolescente é a familia. Cómpre poñer en marcha actuacións encamiñadas a prestar apoio ás familias no exercicio das súas responsabilidades. A este respecto, o Consello de Europa, consciente da importancia da familia e do bo desempeño das responsabilidades parentais, promoveu a Recomendación Rec (2006), sobre "Políticas de apoio ao exercicio positivo da parentalidade".

A parentalidade positiva refírese ao "comportamento de nais e pais co obxecto de promover relacións positivas cara aos seus fillos e fillas mediante a responsabilidade parental, garantir os seus dereitos no seo da familia e optimizar o desenvolvemento potencial do neno, nena ou adolescente e o seu benestar.

Por iso, prestar importancia á contribución dos fillos e as fillas ao proceso de socialización a través de mecanismos de colaboración mutua, de xeito que **os e as proxenitores exerzan unha autoridade responsable que preserve os dereitos das fillas e dos fillos, fomenten as súas capacidades críticas e de participación, e promovan progresivamente a súa autonomía e implicación na vida comunitaria.**

Así mesmo, no modelo social actual destaca a participación das avoas e dos avós polo papel que desenvolven na crianza e na educación dos netos e netas.



Desde este presuposto, o primeiro obxectivo operativo comprende actuacións dirixidas á **adquisición de estilos educativos parentais saudables e construtivos** que redunden no benestar dos seus fillos e fillas.

O fomento de hábitos e estilos de vida saudables ten que ter tamén como destinataria a propia infancia e a adolescencia polo que desenvolver accións e programas educativos para a transmisión de hábitos de vida que incidan no seu benestar integral e preveñan condutas de risco.

A educación en valores, na procura dunha cidadanía comprometida coa igualdade, o respecto, a tolerancia. Para iso, realizaranse actuacións complementarias desde o ámbito da educación formal e non formal, dirixidas á poboación infantil e adolescente e ás súas familias.

Para asegurar o crecemento saudable e equilibrado de nenos, nenas e adolescentes é fundamental **garantir unha educación que asegure o máximo desenvolvemento das súas potencialidades, a partir dun modelo educativo inclusivo e que garanta a igualdade**. O compromiso da Xunta de Galicia comeza desde os primeiros meses de vida de nenas e nenos, e materialízase a través da súa Rede de Escolas Infantís, cun proxecto educativo no que a implicación das familias resulta clave.

Por outro lado, a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia concibe o ámbito educativo como un espazo que vai máis alá da impartición de formación regrada, onde se inclúen iniciativas complementarias como o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, programas de fomento das vocacións no ámbito das ciencias, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas, así como o plurilingüismo no desenvolvemento dalgunhas actividades.

Este modelo educativo non pode esquecer a incorporación de actuacións específicas de atención á diversidade, programas dirixidos ao desenvolvemento de nenos, nenas e adolescentes que, precisan de atención ás súas necesidades específicas. A prevención do abandono temperá dos estudos e a redución do absentismo escolar son tamén obxecto de abordaxe a través de medidas concretas.

A escola é un dos principais axentes e espazos de socialización, da convivencia entre iguais xorde en ocasións o conflito. A mellora do clima escolar e a prevención do conflito son obxectivos desta Estratexia.

Facilitar o proceso de transición ao traballo, é outro dos cometidos asociados a este segundo obxectivo. Mediante accións e programas de orientación e apoio para facilitar a inserción no mercado laboral da mocidade galega.

Nenos, nenas e adolescentes teñen dereito á saúde e a ter acceso a servizos médicos e de rehabilitación. **Desenvolver mecanismos que favorezan a promoción da saúde e a**



prevención de enfermidades na poboación infantil e adolescente, constitúe o terceiro obxectivo operativo desta liña estratéxica. As actuacións proxectadas neste eido son medidas para a prevención de trastornos e doenzas, actuacións para a promoción de hábitos saudables.

Para fomentar o respecto polo ambiente, o consumo responsable e a promoción de ambientes seguros para a infancia e a adolescencia deséñanse actuacións con distintos destinatarios: para a poboación infantil e adolescente medidas enfocadas a exercer un consumo responsable, incrementar a concienciación ambiental e fomentar o respecto polo medio. E para as distintas administracións, medidas e programas que favorezan uns espazos seguros e accesibles para a infancia e a adolescencia.

Para o crecemento equilibrado de nenos, nenas e adolescentes debemos garantir **o uso saudable e socializador do tempo libre, a través da participación en actividades de lecer que sexan educativas e fomenten a creatividade**, ademais da organización de campamentos de verán e a utilización da Rede de albergues xuvenís e a promoción da actividade deportiva en igualdade de oportunidades.

O acceso xeneralizado a Internet comporta unha serie de riscos para os nenos, nenas e adolescentes, polo que se desenvolverán **accións informativas e programas educativos que capaciten tanto aos propios rapaces e rapazas como as súas familias na navegación segura e uso responsable dos distintos medios tecnolóxicos ao seu alcance**. É tamén necesario fomentar hábitos de utilización responsable destas tecnoloxías.

A Estratexia galega para a infancia e a adolescencia foi concibida como instrumento de planificación das políticas públicas dirixidas ao conxunto da poboación infantil e adolescente residente en Galicia e non só a aqueles sectores obxecto de intervención por atoparse en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar ou social. A partir deste enfoque, o crecemento equilibrado e saudable de nenos, nenas e adolescentes require necesariamente que se articulen os **mecanismos necesarios para a prevención de situacións de risco que comprometan o seu desenvolvemento integral**.

Desde esta óptica, levaranse a cabo un conxunto de actuacións que contribúan e previr situacións de risco á propia poboación infantil e adolescente e ao conxunto da comunidade educativa dirixiranse actividades de información para a prevención e detección de situacións de violencia de xénero e de risco asociados a problemas de convivencia e seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.



VI.2.1. Obxectivos operativos e actuacións

LIÑA ESTRATÉXICA 2.
Para un crecemento
equilibrado e saudable

Obxectivo estratéxico: Procurar o benestar físico, psíquico, emocional e social da poboación infantil e adolescente, a través da promoción de estilos de vida saudables e de ámbitos familiares, medioambientais e sociais axeitados, así como mediante a detección e a prevención de factores de risco que comprometan o seu desenvolvemento integral, considerando de forma transversal o enfoque de xénero.

HÁBITOS
SAUDABLES

Obxectivo operativo 2.1. Favorecer a adquisición de estilos educativos parentais, así como de hábitos e estilos de vida individuais que sexan saudables, equilibrados e construtivos.

ACTUACIÓNS:

2.1.1 Fomento e desenvolvemento de accións educativas dirixidas a nais, pais e titores para a adquisición de coñecementos e ferramentas que axuden a desenvolver estilos parentais positivos que abrangan todas as etapas vitais da infancia, adaptándose ás necesidades específicas que require cada momento do desenvolvemento.

2.1.2 Promoción da utilización das guías sobre parentalidade positiva elaboradas e validadas desde as diferentes unidades de investigación universitaria.

2.1.3 Realización de accións de concienciación e formación interxeracional sobre hábitos de alimentación saudable.

2.1.4 Promoción da realización interxeracional de actividades lúdicas e deportivas.

2.1.5 Desenvolvemento de programas educativos dirixidos a adolescentes para a adquisición e/ou reforzo de coñecementos que axuden a desenvolver hábitos e estilos de vida individual saudables e construtivos.

2.1.6 Mantemento dun servizo de información e asesoramento presencial, telefónico e en liña dirixido á adolescencia sobre promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco.

2.1.7 Realización de accións de sensibilización dirixidas a promover a igualdade de xénero e o respecto á diversidade no ámbito familiar e a participación de nais e pais na difusión de valores libres de estereotipos sexistas.



2.1.8 Potenciación de espazos de encontro para as familias de nenos e nenas de 0 a 3 anos que fomenten a implicación na súa educación desde os primeiros anos de vida.

2.1.9 Desenvolvemento de programas e actividades educativas e de sensibilización e concienciación en valores, complementarios á formación regrada nos centros de ensino non universitario.

2.1.10 Realización de visitas escolares guiadas a centros hospitalarios para promover educación en valores e hábitos de vida saudable.

2.1.11 Desenvolvemento de accións de promoción de hábitos de vida saudable e coidado da saúde dirixidos aos nenos, nenas e adolescentes ingresados en centros hospitalarios.

2.1.12 Impulso de programas de sensibilización e formación en diversidade sexual e de xénero que permita a mellora na atención de nenos nenas e adolescentes con orientación sexual ou comportamentos de xénero non normativos.

EDUCACIÓN
INCLUSIVA

Obxectivo operativo 2.2. Garantir unha educación inclusiva e en igualdade para toda a infancia e a adolescencia que asegure o máximo desenvolvemento das súas potencialidades e facilitar a transición dos e das adolescentes ao emprego.

ACTUACIÓNS:

2.2.1 Realización de accións complementarias á educación regrada en materia de divulgación científica dirixidas ao profesorado e ao alumnado.

2.2.2 Mantemento dun contorno virtual de aprendizaxe para o desenvolvemento de metodoloxías de ensinanza baseadas no acceso a contidos dixitais.

2.2.3 Desenvolvemento dun programa para a implantación do libro dixital nos centros educativos.

2.2.4 Realización dunha programación de actividades lúdico-recreativas para o desenvolvemento das capacidades e fomento das vocacións científico-tecnolóxicas e do plurilingüismo entre o alumnado.

2.2.5 Continuidade da educación inclusiva e de calidade para nenos e nenas de 0 a 3 anos a través do proxecto educativo da Rede de Escolas Infantís.



2.2.6 Desenvolvemento dun programa de atención á diversidade para acadar a excelencia académica.

2.2.7 Desenvolvemento de programas de reforzo, orientación e apoio escolar.

2.2.8 Realización de accións para a prevención do absentismo e o abandono temperán dos estudos nos centros educativos, a través da implicación da familia no proceso educativo e da mellora do clima escolar e das relacións entre os membros da comunidade educativa.

2.2.9 Realización de programas educativos para a abordaxe transversal de diversas temáticas de maneira complementaria á formación regrada.

2.2.10 Desenvolvemento dun programa de desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade desde idades temperás.

2.2.11 Aplicación do protocolo interno para a detección, prevención e actuación en materia de absentismo en centros de ensino sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas primaria e secundaria.

2.2.12 Posta en marcha de programas para a mellora da convivencia escolar nos centros educativos que preveñan o acoso escolar e promovan a resolución pacífica de conflitos.

2.2.13 Implementación do protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

2.2.14 Oferta de atención educativa hospitalaria e domiciliaria dirixida a nenos, nenas e adolescentes que, por motivos de saúde, non poden asistir ao centro educativo, tanto se están hospitalizados como se se atopan convalescentes no seu domicilio.

2.2.15 Promoción de espazos lúdico-educativos nos centros hospitalarios con tecnoloxías da información e da comunicación, para minimizar o impacto das estancias hospitalarias en nenos, nenas e adolescentes ingresados.

2.2.16 Aplicación de programas de mobilidade xeográfica que posibiliten a realización de prácticas profesionais de mozos e mozas noutros países europeos.

2.2.17 Programa de fomento das vocacións científico-tecnolóxicas centrado en espertar, motivar e potenciar as vocacións STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas) desde idades temperás e con perspectiva de xénero.

2.2.18 Oferta de prazas en residencias xuvenís para mozos e mozas que por razóns de estudo ou traballo precisan vivir fóra do seu concello de residencia.



2.2.19 Impulso de protocolos de coordinación interinstitucional para garantir a intervención integral en colectivos con necesidades específicas de apoio educativo.

2.2.20 Aplicación de protocolos para o tratamento educativo de nenos, nenas e adolescentes con necesidades especiais.

2.2.21 Programación de actividades que fomenten a creatividade entre o alumnado.

2.2.22 Implantación do bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía.

2.2.23 Desenvolvemento de programas de innovación educativa relacionados co manexo de novas tecnoloxías e contidos dixitais.

2.2.24 Realización de accións de información e divulgación para fomentar o coñecemento e o debate en materia de igualdade de xénero dirixidas ao conxunto comunidade educativa.

2.2.25 Elaboración dun programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervencións sociocomunitarias.

2.2.26 Realización de accións educativas específicas para o desenvolvemento de proxectos persoais, académicos e profesionais libres de estereotipos de xénero.

2.2.27 Desenvolvemento da Estratexia Galega de Convivencia Escolar.

2.2.28 Fomento de vías alternativas de formación e formación profesional para o alumnado que non supere a Educación Secundaria Obrigatoria.

PROMOCIÓN DA
SAÚDE

Obxectivo operativo 2.3. Desenvolver mecanismos que favorezan a promoción da saúde e a prevención de enfermidades na poboación infantil e adolescente.

ACTUACIÓNS:

2.3.1 Reforzo do apoio e promoción á lactación materna e consolidación dos bancos de leite materno.

2.3.2 Mellora da abordaxe de enfermidades raras, especialmente as que afecten á infancia e á adolescencia.



2.3.3 Desenvolvemento de programas para a prevención do VIH e outras infeccións de transmisión sexual entre a poboación nova.

2.3.4 Desenvolvemento de programas de promoción da actividade física en centros educativos como modo de prevención da aparición de enfermidades e fomento de hábitos de vida saudables.

2.3.5 Realización de actividades formativas para a promoción de hábitos saudables e prevención de trastornos na alimentación, adicións, e outros problemas de saúde dirixidas á adolescencia.

2.3.6 Prevención do consumo de alcohol e tabaco por parte de nenos, nenas e adolescentes a través de vixilancia policial nos lugares de ocio.

2.3.7 Desenvolvemento de accións de sensibilización sobre a importancia da vacinación para a prevención de enfermidades.

2.3.8 Establecemento dun paquete coherente e axeitado de vacinación baseado na evidencia científica e acorde coas directrices do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

2.3.9 Establecemento de probas médicas que garantan o dereito á saúde de todos os nenos, nenas e adolescentes e que inclúan o máximo posible de enfermidades e doenzas segundo os criterios establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

2.3.10 Realización de programas de educación para a saúde de maneira complementaria á formación regrada nos centros de ensino non universitario.

2.3.11 Realización de actividades de carácter lúdico-terapéutico (música terapia...) que contribúan ao desenvolvemento saudable nos primeiros meses de vida.

2.3.12 Desenvolvemento de accións formativas de preparación ao parto e o nacemento dirixidas ás futuras nais e futuros pais.

2.3.13 Desenvolvemento dun programa de instrución en reanimación cardiopulmonar dirixido a profesorado e alumnado.

2.3.14 Consolidación da Rede galega de atención temperá.

2.3.15 Desenvolvemento de protocolos de atención integral para mulleres xestantes e lactantes en situación de especial vulnerabilidade.



2.3.16 Aplicación do Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá.

2.3.17 Desenvolvemento do protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

2.3.18 Aplicación do protocolo de atención das urxencias sanitarias e doutras actuacións para a atención de nenos, nenas e adolescentes con enfermidades crónicas nos centros educativos.

AMBIENTE,
CONSUMO E
CONTORNO
SEGURO

Obxectivo operativo 2.4. Fomentar o respecto ao medio ambiente, o consumo responsable e uns espazos seguros e accesibles para a infancia e adolescencia.

ACTUACIÓNS:

2.4.1 Participación en accións e programas de educación viaria dirixidos a nenas, nenos e adolescentes.

2.4.2 Promoción dos "Camiños escolares seguros" nos municipios de Galicia.

2.4.3 Promoción do consumo responsable en centros educativos, campamentos e outros espazos de lecer desde a perspectiva de xénero, principalmente a través de proxectos educativos innovadores e a utilización das TIC.

2.4.4 Mantemento dunha plataforma educativa para a inclusión do respecto ao medio ambiente como contido transversal no currículo de Educación Infantil e Primaria.

2.4.5 Desenvolvemento de actividades educativas que contribúan á concienciación ambiental de nenos, nenas e adolescentes, sobre recollida selectiva de lixo, reciclaxe e xestión de residuos urbanos e calquera outro programa de educación ambiental.

2.4.6 Elaboración de contidos sobre responsabilidade social empresarial que inclúan a promoción do ambiente dirixidos a nenos, nenas e adolescentes.



LE CER

Obxectivo operativo 2.5. Favorecer o uso saudable, creativo, educativo e socializador do tempo libre para garantir a inclusión da infancia e da adolescencia no seu medio.

ACTUACIÓNS:

2.5.1 Mantemento dos mecanismos de axuda á mobilidade xeográfica e acceso aos servizos de ocio para a poboación adolescente.

2.5.2 Oferta de actividades de ocio educativo e de calidade a través dos campamentos de verán e albergues xuvenís, garantindo a cobertura das necesidades de nenos, nenas e adolescentes con discapacidade e dos fillos e fillas das vítimas de violencia de xénero.

2.5.3 Coordinación entre administracións para conseguir que os nenos, nenas e adolescentes que viven en centros de menores poidan acceder á rede de campamentos de verán pola vía administrativa ordinaria.

2.5.4 Promoción da actividade deportiva en igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas en idade escolar e estímulo do deporte de alto nivel para rapaces e rapazas pertencentes a federacións.

2.5.5 Promoción do establecemento de exencións e reducións en prezos públicos de servizos deportivos, culturais, de lecer e tempo libre dependentes das distintas administracións públicas para familias en situación de vulnerabilidade social.

USO
RESPONSABLE
DAS TIC

Obxectivo operativo 2.6. Fomentar hábitos de utilización responsable das tecnoloxías por parte da poboación infantil e adolescente mediante accións de información e sensibilización dirixidas a nenos e nenas, aos seus pais e nais, así como ao conxunto da sociedade.

ACTUACIÓNS:

2.6.1 Promoción da realización conxunta de accións cos medios de comunicación para a posta en marcha de campañas sobre uso responsable de novas tecnoloxías.

2.6.2 Establecemento de liñas de colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado para levar a cabo accións informativas sobre a prevención de delitos cometidos a través das novas tecnoloxías.



2.6.3 Realización de cursos e xornadas formativas para a capacitación de nenos, nenas e adolescentes no emprego de novas tecnoloxías e o uso seguro destas, dirixidos tamén ás súas familias, tanto en colaboración con axentes externos como a través da Rede CeMIT.

2.6.4 Elaboración e difusión dun decálogo sobre a utilización responsable dos medios audiovisuais na infancia, dirixido á sociedade en xeral, e en particular ás e aos profesionais da infancia e ás familias.

2.6.5 Desenvolvemento de programas de educación en identidade dixital en etiqueta que favorezan a navegación segura e respectuosa en internet.

PREVENCIÓN E
DETECCIÓN DE
SITUACIÓNS DE
RISCO

Obxectivo operativo 2.7. Desenvolver actuacións dirixidas á poboación infantil e adolescente e ás súas familias, para a detección precoz e a prevención das situacións de risco que comprometen o desenvolvemento integral de nenos, nenas e adolescentes.

ACTUACIÓNS:

2.7.1 Realización de campañas de prevención da desprotección infantil, en especial do maltrato e do abuso sexual.

2.7.2 Implantación e fomento da utilización das ferramentas para a notificación de situacións de desprotección da infancia e da adolescencia entre os e as profesionais do ámbito educativo, policial, sanitario e social.

2.7.3 Elaboración de materiais específicos dirixidos á poboación adulta e á poboación infantil e adolescente que facilite información sobre situacións de risco.

2.7.4 Realización de actividades informativas en centros educativos para a identificación da violencia intrafamiliar e de xénero.

2.7.5 Deseño e divulgación de materiais didácticos adaptados ás distintas etapas educativas (Infantil, Primaria e Secundaria) que incidan na prevención e detección de situacións de violencia de xénero.

2.7.6 Desenvolvemento dun programa de charlas informativas dirixidas ao conxunto da comunidade educativa para a detección precoz e prevención de distintas situacións de risco relacionadas coa convivencia e seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.



2.7.7 Aplicación do protocolo interno para a detección, prevención e actuación sobre o acoso escolar e o ciberacoso nos centros educativos.

2.7.8 Posta en marcha dun programa de formación para a prevención e detección das situacións de violencia sexual infantil.

2.7.9 Desenvolvemento dun programa de intervención específico para nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia sexual infantil.

2.7.10 Reforzamento das tarefas de vixilancia policial en lugares de ocio e proximidades a centros educativos para a prevención do absentismo escolar e as situacións de desprotección de nenos, nenas e adolescentes.

VI.3. LIÑA ESTRATÉXICA 3. PARA A INTERVENCIÓN EN SITUACIÓNS DE DIFICULTADE, RISCO E CONFLITO PERSOAL, FAMILIAR, ESCOLAR E SOCIAL

VI.3.1. Xustificación

Conforme ao establecido no Capítulo III da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, na atención á infancia e á adolescencia terán carácter prioritario as actuacións dirixidas a previren posibles situación de desprotección e conflito social nas que se poidan atopar nenos, nenas e adolescentes.

A partir deste principio xeral de actuación, a Estratexia galega para a infancia e a adolescencia debe artellar necesariamente un conxunto de actuacións dirixidas ás nenas, nenos e adolescentes en situacións de maior vulnerabilidade. Así, conforman esta terceira liña un conxunto de obxectivos e actuacións orientados á intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social, través do obxectivo estratéxico de **desenvolver unha intervención integral dirixida aos nenos, nenas e adolescentes que se atopen en situacións de dificultade, risco e aquelas que sexan responsables penalmente. A dita intervención deberá ter en conta as diferenzas individuais, de xénero, así como os contextos sociofamiliares.**

É obriga da Administración autonómica desenvolver accións de prevención de situacións de desprotección, accións que terán por obxecto: garantir na medida do posible o establecemento dun vencello afectivo temperán positivo entre as persoas proxenitoras e os seus fillos e fillas;



evitar ou reducir tanto as causas como as consecuencias dos procesos disfuncionais de coidado, seguridade e protección de nenos, nenas e adolescentes; as situacións de desprotección que dificulten ou interfiran o seu libre e pleno desenvolvemento; os factores que propicien o deterioro do seu contorno sociofamiliar, así como impedir ou seu desamparo.

Esta prevención farase, principalmente, a través do deseño e aplicación de programas e servizos dirixidos a promover o coidado e a atención axeitada dos nenos e nenas nas súas familias; facilitarlles apoio, a través de medidas e axudas económicas e/ou técnicas que se dirixan a cubrir as súas necesidades básicas e a mellorar o seu medio familiar.

Así, tendo en conta a importancia que ten actuar sobre posibles situacións adversas en fase incipiente, artículase este nivel de prevención secundaria de posibles situacións de desprotección, de maneira que o primeiro obxectivo desta liña é **fortalecer a intervención con nenos, nenas e as súas familias que se atopan en situación de crise e conflito para reducir os factores de risco que poidan comprometer a súa crianza e desenvolvemento integral**, a través de medidas de distinta natureza, como son os dirixidos a intervir nos procesos de conflictividade familiar, dificultades de relación e situacións que impliquen un conflito, así como aqueles que proporcionen ás familias as habilidades necesarias para que a dinámica relacional se vexa fortalecida.

Reforzaranse, para isto, os servizos de apoio e orientación familiar para a intervención en situacións de conflito con criterios de proximidade e estableceranse programas de intervención con familias dirixidas á prevención de condutas de inadaptación social nos nenos, nenas e adolescentes e á súa reeducación.

Noutra orde de cousas, o Comité de Dereitos da Infancia de Nacións Unidas recomendaba no ano 2010, nas súas "Observacións finais a España", que redobrase os seus esforzos por prestar a asistencia axeitada ás nais, aos pais e ás persoas titoras legais no exercicio das súas responsabilidades relacionadas coa crianza, en particular ás de familias en situacións de crise debido á pobreza, á falta de vivenda axeitada ou á separación. Tamén recomendaba a necesidade de velar por que se satisfagan as necesidades de todas as nenas e nenos e que se adoptasen todas as medidas precisas para asegurar que ningún grupo de nenos e nenas viva por baixo do limiar da pobreza.

Conscientes desta problemática, e acorde coa planificación estratéxica da Xunta de Galicia na área de inclusión social para os próximos anos, levaranse a cabo no marco da EGIA accións para a prevención e a corrección das situacións de privación que poidan afectar a nenas, nenos e adolescentes.

Por outra parte, ademais da acción preventiva e de corrección de factores de risco, o sistema autonómico de protección á infancia e á adolescencia dispón dunha serie de servizos, recursos e actuacións de intervención para paliar as situacións de desprotección e conflito social nas que



poidan atoparse os e as menores. Preténdese neste eido **ofrecer unha atención integral e personalizada ás nenas, nenos e adolescentes para compensar déficits sociofamiliares que poñan en perigo o seu desenvolvemento e que inclúa apoio xurídico, psicolóxico e social.**

Para iso, desenvolveranse actuacións de diversa índole directamente con poboación infantil e adolescente, destinadas a ofrecer unha intervención integral con nenos, nenas e adolescentes **en situación de risco ou de desamparo**, por mor do abandono; da existencia de malos tratos físicos ou psíquicos; abusos sexuais; negligencia grave e o incumprimento da satisfacción das súas necesidades que interfiran gravemente o desenvolvemento integral, así como nas **situacións de conflito**, asociadas aos nenos, nenas e adolescentes con problemas de conduta e/ou aqueles rapaces e rapazas non imputables que cometan ilícitos penais.

Neste contexto, impulsaranse programas socioeducativos para a promoción da integración social, baseados no apoio educativo e na utilización saudable e construtiva do tempo libre; desenvolveranse programas de atención especializada e individualizada para nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia no ámbito familiar; de atención psicolóxica para aqueles e aquelas vítimas de violencia de xénero; apoiarase a posta en marcha dun recurso especializado na atención a menores vítimas de trata con fins de explotación sexual; reforzaranse os programas de intervención educativa e terapéutica con nenos e nenas que presentan problemas de conduta e/ou rapaces e rapazas non imputables que cometan ilícitos penais e impulsaranse programas de atención a nenos, nenas e adolescentes estranxeiros non acompañados.

Consonte ao establecido na lexislación vixente a actuación da Xunta de Galicia nas situacións de desprotección de nenas, nenos e adolescentes estará guiada polo principio de intervención mínima, conforme o que se outorgará sempre prioridade á actuación no ámbito familiar do neno, nena ou adolescente, para evitar, sempre e cando sexa posible, que sexa separado/a deste. Para iso, desenvolveranse accións de apoio á familia; co obxecto de proveer de axudas, materiais, sociais, educativas e terapéuticas que permitan a mellora do medio familiar e a atención das necesidades da persoa menor de idade para evitar a separación ou procurar, de ser o caso, o retorno a ela. Desde este presuposto, planificáronse varias actuacións a través das cales se pretende **promover a preservación da unidade familiar como primeira alternativa nas familias en risco, e garantir as necesidades básicas de nenos, nenas e adolescentes no seu ámbito familiar, facendo posible a rápida integración nun medio seguro na súa familia de orixe nos casos de desprotección nos que foi precisa a separación.**

Con este obxectivo, prevese a realización dun estudo de necesidades da poboación infantil e xuvenil en situación de dificultade e/ou risco; o reforzo das actuacións dirixidas a mellorar a situación das familias a través das figuras profesionais de atención psicolóxica, social e educativa especializadas na atención ás familias e dos medios técnicos que favorezan a preservación e a reunificación familiar. Ademais, está previsto o deseño e posta en marcha dun



itinerario de seguimento dos nenos, nenas e adolescentes e das súas familias tras a reunificación.

Nalgunhas situacións, xa sexa por imperativo legal (tutela) ou por petición da nai e/ou do pai (garda voluntaria), ao neno, nena ou adolescente sepárase da súa familia e correspóndelle á Xunta de Galicia acollelo familiar ou residencialmente, polo menor tempo posible e atendendo en todo momento á súa reintegración na familia de orixe. Como criterio de actuación na adopción desta medida, darase prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

Xa que logo, como cuarto obxectivo desta liña estratéxica deseñáronse unha serie de actuacións coas que se pretende **mellorar os programas de acollemento, priorizando o acollemento familiar fronte ao residencial especialmente para nenos e nenas de 0 a 6 anos, e no acollemento residencial; garantir a súa adecuación ás necesidades da persoa menor de idade a través da especialización, a diversificación e a calidade da atención.** Nesta dirección, e entre outras accións, está previsto intensificar as accións de priorización na busca e valoración da familia extensa perante a separación da familia de orixe; proceder á regulación do acollemento profesionalizado; reforzar o apoio económico as familias acolledoras, e realizar un estudo de necesidades de acollemento residencial cara á reestruturación da rede de centros de protección de menores.

Por outro lado, **cómpre avanzar na mellora dos procesos de adopción para que cada neno, nena ou adolescente que o precise dispoña dunha familia adoptiva axeitada ás súas necesidades. Convén, polo tanto, articular os mecanismos necesarios para minimizar os riscos de ruptura e conflictividade e potenciar o apoio ás familias nas distintas fases do proceso adoptivo.** Para facer efectivos os dereitos das persoas adoptadas na lexislación vixente deseñárase e porase en marcha un procedemento de intervención para o apoio na busca das orixes; sistematizaranse accións de apoio, asesoramento e seguimento postadoptivo das familias e das nenas, nenos e adolescentes adoptados, así como o impulso e mellora das canles de información telemática sobre este recurso. Outras das actuacións previstas son as relacionadas coa sensibilización, formación e apoio dirixidas ao fomento da dispoñibilidade e a capacitación das familias para adoptar nenos e nenas con necesidades especiais.

Noutra orde de cousas, a EGIA inclúe tamén actuacións dirixidas á intervención con menores de idade que cometeron delitos ou faltas tipificadas penalmente e obxecto da Lei orgánica 5/2000 de responsabilidade penal dos menores. O sistema de reeducación de menores ten por obxecto a execución das medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores a través dos programas de intervención que favorezan o desenvolvemento integral e a inserción familiar, social e laboral da ou do menor infractor. Tanto o deseño como a execución destas medidas deberá rexerse polo seu carácter socializador e prevalecer a función social e psicopedagóxica.



Estas actuacións agrúpanse no sexto obxectivo operativo, enfocado a **proporcionar unha intervención integral, especializada e de calidade ás persoas adolescentes nos centros e servizos destinados a executar as medidas xudiciais e as solucións extraxudiciais mediante programas socioeducativos e, no seu caso, terapéuticos que favorezan a reinserción social e a prevención da reincidencia.**

Por último, e co fin de facilitar o proceso de transición á vida autónoma e activa das e dos adolescentes sen apoios familiares ou en risco social, e, no seu caso, daqueles e daquelas que cumprisen algún tipo de medida de responsabilidade penal, considérase necesario desenvolver medidas de orientación e apoio encamiñadas á súa inserción sociolaboral. Con este obxectivo, desenvolveranse programas de carácter socioeducativo destinados a capacitar os mozos e as mozas para unha vida independente para a adquisición de habilidades e destrezas necesarias no desempeño dun posto de traballo e a mellora da competencia profesional, entre outras.

VI.3.1. Obxectivos operativos e actuacións

LIÑA ESTRATÉXICA 3.
Para a intervención en
situacións de dificultade,
risco e conflito persoal,
familiar, escolar e social

Obxectivo estratéxico: Desenvolver unha intervención integral, que teña en conta as diferenzas individuais, de xénero e os contextos sociofamiliares, dirixida a nenos, nenas e adolescentes que se atopen en situacións de gran vulnerabilidade, incluídas aquelas que sexan responsables penalmente segundo a lexislación aplicable.

ACTUACIÓN EN
SITUACIÓNS DE
CRISE

Obxectivo operativo 3.1. Fortalecer a atención e intervención con nenos e nenas e as súas familias que se atopen en situación de crise e conflito para a redución de situacións de estres e/ou de factores de risco que poidan comprometer o seu desenvolvemento integral.

ACTUACIÓNS:

3.1.1 Deseño e posta en marcha de programas de actuación sociosanitaria dirixidos a mulleres embarazadas e aos nenos e nenas nos primeiros meses de vida para previr situacións de risco social.

3.1.2 Fortalecemento dos servizos de apoio e orientación familiar para a intervención en situacións de conflito, procurando a súa proximidade á poboación.



3.1.3 Prevención e corrección das situacións de privación material que afecten a nenas, nenos e adolescentes a través das medidas previstas na planificación estratéxica da área de inclusión social.

3.1.4 Coordinación coas entidades locais para a elaboración de estratexias comúns para a erradicación dos asentamentos de chabolas.

3.1.5 Establecemento de programas de intervención con familias dirixidas á prevención de condutas de inadaptación social dos e das menores de idade.

3.1.6 Elaboración dun protocolo de actuación específico para situacións de posible maltrato prenatal.

INTERVENCIÓN
INTEGRAL

Obxectivo operativo 3.2. Ofrecer unha atención e intervención integral e personalizada ás nenas, nenos e adolescentes para compensar déficits sociofamiliares que poñan en perigo o seu desenvolvemento e que inclúa apoio xurídico, psicolóxico e social.

ACTUACIÓNS:

3.2.1 Impulso de programas socioeducativos destinados a nenos, nenas e adolescentes baseados no apoio educativo, na utilización saudable e construtiva do tempo libre e na promoción da integración social.

3.2.2 Fomento do voluntariado en actividades dirixidas a nenas, nenos e adolescentes en situación de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social.

3.2.3 Reforzo de programas de intervención familiar, educativa e terapéutica con rapaces e rapazas que presentan problemas de conduta e/ou aqueles menores non imputables que cometan ilícitos penais.

3.2.4 Provisión de atención especializada e individualizada a nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia no ámbito familiar, así como aos e ás menores vítimas doutro tipo de violencia que se atopan en situación de desprotección.

3.2.5 Desenvolvemento dun programa de formación e promoción da saúde para adolescentes en situación de dificultade, conflito persoal, familiar e social.

3.2.6 Promoción e apoio á posta en marcha dun recurso especializado na atención de menores vítimas de trata, fundamentalmente con fins de explotación sexual.



3.2.7 Desenvolvemento de programas de atención psicolóxica a nenas, nenos e adolescentes vítimas de violencia de xénero.

3.2.8 Deseño e implementación dun programa destinado a favorecer as aprendizaxes e mellorar os resultados académicos das e dos menores tutelados pola Xunta de Galicia.

3.2.9 Impulso á creación de programas de atención aos nenos, nenas e adolescentes estranxeiros non acompañados, considerando as súas necesidades dunha maneira integral e personalizada e fortalecendo, así, o sistema xeral de protección destes e destas menores.

3.2.10 Acompañamento a nenos, nenas e adolescentes en situación de soidade e exclusión social ingresados en centros hospitalarios.

3.2.11 Posta en marcha de recursos específicos para a prevención e a abordaxe da violencia filio parental.

3.2.12 Desenvolvemento de programas de prevención da delincuencia xuvenil e de intervención para os nenos, nenas e adolescentes infractores menores de 14 anos.

3.2.13 Deseño e execución dun Plan integral para o apoio e acompañamento aos fillos e fillas das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia.

PRESERVACIÓN E
REUNIFICACIÓN
FAMILIAR

Obxectivo operativo 3.3. Promover a preservación da unidade familiar como primeira alternativa nas familias en risco e garantir a cobertura das necesidades biolóxicas, psicolóxicas, emocionais e sociais de nenos, nenas e adolescentes no seu ámbito familiar, facendo posible a rápida integración nun ambiente seguro na familia de orixe nos casos de desprotección nos que foi precisa a separación.

ACTUACIÓNS:

3.3.1 Realización dun estudo de necesidades da poboación infantil e adolescente en situación de dificultade e/ou risco persoal, familiar e social para a reestruturación da rede de centros de atención de día.

3.3.2 Reforzo das actuacións dirixidas a mellorar a situación das familias a través de medios técnicos que favorezan a preservación e reunificación familiar.

3.3.3 Deseño e posta en marcha dun itinerario de seguimento das nenas, nenos e adolescentes e das súas familias tras a reunificación.



3.3.4 Impulso dos servizos de educación e apoio familiar.

Obxectivo operativo 3.4. Mellorar os programas de acollemento para os nenos, nenas e adolescentes que precisen de alternativas convivenciais, priorizando, especialmente para os grupos de idade de 0 a 6 anos, o acollemento familiar fronte ao residencial, e garantir no caso deste último a súa adecuación ás necesidades do ou da menor de idade, a través da especialización, diversificación e calidade da atención.

ACTUACIÓNS:

3.4.1 Impulso da consideración de nenas, nenos e adolescentes en acollemento familiar simple como membros da unidade familiar a efectos do recoñecemento da condición de familia numerosa.

3.4.2 Deseño e posta en marcha dun protocolo para a busca e valoración da familia extensa como primeira alternativa ante a separación da familia de orixe, promovendo a participación activa dos servizos sociais comunitarios.

3.4.3 Impulso dun tratamento homoxéneo das compensacións económicas por acollemento das distintas comunidades autónomas para a súa consideración como rendas exentas no cómputo de ingresos da unidade de convivencia, aos efectos da percepción de determinadas prestacións sociais e económicas.

3.4.4 Reforzo do apoio económico destinado ás familias acolledoras.

3.4.5 Desenvolvemento de medidas de sensibilización social destinadas á visibilización positiva do acollemento familiar e á implicación das familias galegas con este.

3.4.6 Consolidación e reforzo das accións dirixidas a formar, informar, asesorar e acompañar ás familias acolledoras.

3.4.7 Elaboración dun manual de procedementos sobre acollemento familiar que inclúa as diferentes fases e niveis de intervención.

3.4.8 Regulación no marco da administración autonómica galega da figura do acollemento especializado.

3.4.9 Realización dun estudo de necesidades de acollemento residencial cara á reestruturación da rede de centros de protección de menores.



3.4.10 Elaboración dun manual de intervención sobre acollemento residencial que inclúa o marco de actuación profesional dos centros coas familias.

3.4.11 Desenvolvemento de melloras no acollemento residencial co incremento da calidade dos servizos.

ADOPCIÓN

Obxectivo operativo 3.5. Avanzar na mellora dos procesos de adopción para que cada neno ou nena que o precise dispoña dunha familia adoptiva axeitada ás súas necesidades, minimizando os riscos de rupturas e conflictividade e potenciando o apoio ás familias nas distintas fases do proceso adoptivo.

ACTUACIÓNS:

3.5.1 Deseño e posta en marcha do procedemento de intervención para o apoio ás persoas adoptadas na busca das súas orixes.

3.5.2 Sistematización das accións de apoio, asesoramento, acompañamento e seguimento postadoptivo ás familias e ás nenas, nenos e adolescentes adoptados.

3.5.3 Mantemento e actualización do Portal Galego de Adopcións como instrumento de información permanente para as persoas interesadas na materia.

3.5.4 Impulso á utilización da canle de consulta telemática sobre adopcións como instrumento de comunicación áxil e accesible para a cidadanía.

3.5.5 Realización de accións de sensibilización, formación e apoio dirixidas ao fomento da dispoñibilidade e a capacitación das familias para a adopción de nenos, nenas e adolescentes con necesidades especiais.

3.5.6 Mellora da coordinación e supervisión do funcionamento dos Organismos Acreditados para a Adopción Internacional (OAAI).

3.5.7 Información para mulleres que queren dar o seu fillo ou filla en adopción sobre o procedemento a seguir.



INTERVENCIÓN
INTEGRAL:
MENORES CON
RESPONSABILIDADE
PENAL

Obxectivo operativo 3.6. Proporcionar unha intervención integral, especializada e de calidade ás persoas adolescentes nos centros e servizos encargados de executar as medidas xudiciais e as solucións extraxudiciais mediante programas socioeducativos e, no seu caso, terapéuticos que favorezan a reinserción social e a prevención da reincidencia.

ACTUACIÓNS:

3.6.1 Aplicación dos programas de intervención socioeducativa e terapéutica dirixidos aos e ás menores de idade que compren medidas xudiciais.

3.6.2 Deseño e desenvolvemento de accións de apoio e asesoramento dirixidas as persoas menores de idade que finalizaron o cumprimento dunha medida xudicial.

3.6.3 Actualización e implementación do protocolo de actuación entre o departamento competente en materia de execución de medidas xudiciais e o departamento competente en materia de sanidade para mellorar a aplicación da medida de tratamento ambulatorio.

3.6.4 Desenvolvemento de accións de sensibilización social dirixidas á procura de familias colaboradoras na medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo.

3.6.5 Reforzo das tarefas mediadoras dos Equipos Técnicos de Menores adscritos aos Xulgados de Menores para incrementar as solucións extraxudiciais entre menores infractores.

TRANSICIÓN Á
VIDA AUTÓNOMA
E ACTIVA

Obxectivo operativo 3.7. Potenciar e consolidar o apoio aos e ás adolescentes sen apoios familiares ou en risco social para a transición á vida autónoma e activa, que contemple medidas encamiñadas á inserción sociolaboral, tendo en conta, cando corresponda, as características específicas das situacións de responsabilidade penal.

ACTUACIÓNS:

3.7.1 Desenvolvemento de programas destinados a favorecer a autonomía persoal e a integración comunitaria dos e das menores en proceso de emancipación.

3.7.2 Execución de programas de inserción sociolaboral que orienten e favorezan a adquisición e/ou desenvolvemento de habilidades e destrezas necesarias para o desempeño dun posto de traballo e para a mellora das competencias profesionais.



3.7.3 Consideración da situación específica dos mozos e mozas que cumpran ou cumprisen algunha medida xudicial ou que estean baixo algunha medida de protección nas convocatorias de axudas á contratación e nas convocatorias de axudas á formación para o emprego.

3.7.4 Impulso á revisión dos criterios de concesión e mantemento do subsidio de excarcelación para menores de idade que cumprisen medidas privativas de liberdade.

3.7.5 Apoio no acceso a programas de autonomía e inserción laboral para persoas adolescentes estranxeiras non acompañadas, evitando posibles situacións de desprotección tras o cumprimento da maioría de idade.

VI.4. LIÑA ESTRATÉXICA 4. PARA A MELLORA DA CALIDADE DO SISTEMA E A PRÁCTICA INSTITUCIONAL

VI.4.1. Xustificación

A calidade, xunto coa eficiencia, serán criterios reitores para a aplicación da Estratexia galega para a infancia e a adolescencia, o que implica prestar uns servizos de calidade e facer un óptimo uso dos recursos dispoñibles en todas as actuacións englobadas na EGIA. A este respecto preténdese **reforzar a calidade dos recursos dirixidos á poboación infantil e adolescente, a través da investigación e do coñecemento, da formación e da cooperación, para lograr maiores cotas de benestar, desde un enfoque de xénero e con criterios de eficacia e eficiencia.**

A diagnose da situación real, das necesidades e/ou demandas dos grupos poboacionais posibilita planificar os recursos e servizos e deseñar e implantar actuacións destinadas a mellorar a vida das persoas. Desde este presuposto o **“estudo da problemática da infancia e da adolescencia e a aplicación dos programas e das medidas, tanto preventivos coma paliativos, desde unha perspectiva global, e a promoción da investigación e a innovación aplicada ao ámbito da infancia”** sería a base para mellorar o coñecemento sobre a súa situación en todos os ámbitos.

A información de tipo estatístico representa un valioso instrumento para achegarse á realidade demográfica e socioeconómica da poboación, planificar as intervencións e implantar novos recursos. Por iso, no marco da presente estratexia, elaboraranse estudos estatísticas sobre a



situación da poboación infantil e adolescente, así como datos demográficos de sectores poboacionais, en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE).

Ademais, promoverase a investigación en ámbitos concretos, a partir da realización de estudos temáticos, e fomentaranse canles de colaboración con universidades e institucións dedicadas á investigación para a realización de estudos sobre a poboación obxecto de intervención no ámbito da infancia.

A mellora da calidade do sistema igualmente se concreta na **capacitación, no perfeccionamento de habilidades e na actualización de coñecementos dos e das profesionais dos distintos sectores relacionados coa infancia e a adolescencia**. Por iso, intégranse unha serie de actuacións que teñen como poboación destinataria as persoas profesionais dos distintos ámbitos que traballan con poboación infantil e adolescente: desde o persoal que desenvolve o seu labor nos servizos sociais, básicos e específicos, servizos sociais especializados, ata o que o traballa no ámbito educativo, no sanitario, no xudicial, ou no relacionado co lecer infantil e xuvenil, entre outros posibles. Con carácter previo á programación de actuacións, a EGIA prevé o deseño e desenvolvemento de procesos de detección de necesidades de formación neste eido.

Este obxectivo de mellora do coñecemento e o perfeccionamento de competencias profesionais non debe limitarse ao persoal ao servizo das administracións, de maneira que se promoverán tamén actuacións dirixidas a outros ámbitos, como os colexios profesionais, o terceiro sector de acción social, o eido do ensino, a saúde e o xudicial.

Conseguir un sistema de atención á infancia e a adolescencia de mellor calidade é unha meta que se alcanza tamén mediante a posta en marcha de iniciativas destinadas a **sistematizar criterios e metodoloxías para a aplicación de estándares de calidade e para a súa medición e seguimento nos servizos e programas implantados, todo isto, no marco dunha cultura de avaliación** que permita identificar áreas de mellora e a implantación, no seu caso, de novos recursos. Isto tradúcese na elaboración e revisión periódica de modelos e protocolos de intervención con poboación infantil e adolescente, na sistematización de criterios para a elaboración de informes de seguimento e memorias anuais dos programas de intervención con nenas, nenos e adolescentes, e na realización de actuacións tecnolóxicas nos sistemas de información do ámbito do Benestar, entre outras accións.

A **coordinación** é outro dos principios que rexerán o desenvolvemento da EGIA entendida como cooperación e coordinación entre distintos departamentos autonómicos, administracións e entidades de iniciativa social na perspectiva de xerar sinerxías entre os sistemas máis directamente implicados no benestar da poboación infantil e adolescente, como son o educativo, o sanitario, o social e o xudicial. Aínda que este é un principio transversal a toda a Estratexia, considerouse relevante concretar actuacións específicas que o reforcen, a través da inclusión dun obxectivo operativo, coa finalidade **de proporcionar unha atención**



inmediata e integral aos nenos, nenas e adolescentes, mediante unha aplicación eficiente dos recursos dispoñibles que favoreza a interdisciplinariedade das intervencións e evite a súa duplicidade.

Para lograr a colaboración e coordinación entre distintos axentes implicados no sistema de atención á infancia e á adolescencia, así como para garantir unha adecuada intervención, é de gran utilidade dispoñer de instrumentos que conteñan directrices de actuación, normas e técnicas de procedemento a aplicar en determinadas situacións. Por iso, os protocolos xogan un papel clave neste obxectivo. Ao longo dos vindeiros anos tense previsto, pois, impulsar, elaborar e implantar varios protocolos de actuación que implicarían a intervención coordinada do sistema de benestar, o educativo e o sanitario.

Así mesmo, fomentárase a coordinación interinstitucional entre os servizos sociais comunitarios e os servizos sociais especializados de menores, así como o establecemento de liñas de colaboración interprofesional, entre administracións e co terceiro sector, para a planificación coordinada de accións dirixidas á detección, atención e seguimento de nenos, nenas e adolescentes que se atopen en determinadas circunstancias derivadas de factores persoais e/ou sociais.

VI.4.1. Obxectivos operativos e actuacións

LIÑA ESTRATÉXICA 4.
Para a mellora da calidade do sistema e a práctica institucional

Obxectivo estratéxico: Reforzar a calidade dos recursos dirixidos á infancia e á adolescencia a través da investigación e do coñecemento, da formación, da capacitación e da cooperación para lograr maiores cotas de benestar, considerando o enfoque de xénero e criterios de eficacia e eficiencia.

INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

Obxectivo operativo 4.1. Promover a investigación e a innovación aplicada ao ámbito da infancia e a adolescencia, co fin de mellorar o coñecemento sobre a súa situación en todos os ámbitos.

ACTUACIÓNS:

4.1.1 Creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e infancia.



4.1.2 Promoción de canles de colaboración con universidades e outros organismos dedicados á investigación para a realización de estudos sobre a situación real da infancia en Galicia e a poboación obxecto de intervención no ámbito de menores.

4.1.3 Elaboración dos “Indicadores de Infancia e Adolescencia” a través da creación de aqueles de relevancia que permitan coñecer a súa situación na comunidade autónoma.

4.1.4 Elaboración dunha base de datos estatística con indicadores que permitan coñecer o número de casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en situación de pobreza e/ou en risco de exclusión social, para a intervención desde as escolas infantís.

4.1.5 Realización de estudos temáticos destinados a avaliar a utilización das TIC por nenos e nenas e adolescentes nos fogares galegos.

4.1.6 Elaboración de estudos sobre materias específicas, entre outras: o benestar subxectivo da infancia; violencia filio parental e violencia contra a infancia.

4.1.7 Impulso do cofinanciamento de proxectos innovadores de intervención con nenos, nenas e adolescentes e/ou familias desenvolvidos por entidades do terceiro sector.

CAPACITACIÓN E
FORMACIÓN
ESPECIALIZADA

Obxectivo operativo 4.2. Estimular a creación de valor a través da capacitación, da formación especializada e da actualización de coñecementos dirixida a profesionais dos diferentes ámbitos que traballan con poboación infantil e adolescente.

ACTUACIÓNS:

4.2.1 Deseño e desenvolvemento de procesos de detección de necesidades formativas no ámbito da infancia e da adolescencia.

4.2.2 Planificación e programación de accións formativas en resposta ás necesidades detectadas no ámbito da infancia e da adolescencia, especialmente en materia de valoración e intervención do maltrato infantil.

4.2.3 Promoción da inclusión de contidos relacionados coa infancia e a adolescencia nos currículos educativos das ciencias sociais e xurídicas.

4.2.4 Promoción de liñas de colaboración cos colexios profesionais para a formación en materia de infancia e adolescencia cara á mellora da competencia profesional.



4.2.5 Realización de accións formativas dirixidas a profesionais que traballan coa infancia e a adolescencia para a mellora da capacitación na prevención de situacións de risco e promoción de condutas saudables, con especial atención a problemáticas específicas.

4.2.6 Realización de actividades formativas sobre violencia infantil dirixidas ás e aos profesionais sanitarios.

4.2.7 Elaboración dunha guía de actividades preventivas e de promoción da saúde en pediatría de atención primaria.

4.2.8 Realización de accións formativas dirixidas a profesionais de distintos ámbitos sobre o impacto e consecuencias da violencia de xénero sobre nenos, nenas e adolescentes.

4.2.9 Fomento da capacitación das e dos profesionais da Rede de Escolas infantís en aspectos relacionados coa atención á diversidade, en especial a multiculturalidade e as situacións de risco de exclusión social.

4.2.10 Desenvolvemento de accións formativas en primeiros auxilios dirixido ao persoal da Rede de Escolas Infantís para a actuación en situacións de emerxencia.

4.2.11 Creación dunha plataforma de formación inter e intradisciplinaria en materia de intervención con familias e nenos, nenas e adolescentes dirixida a profesionais de diferentes ámbitos.

4.2.12 Desenvolvemento de accións formativas e de sensibilización do profesorado sobre igualdade de xénero, diversidade sexual e de xénero, a desprotección infantil e as persoas con necesidades especiais.

4.2.13 Realización de accións formativas para as e os profesionais sanitarios sobre o procedemento de actuación ante a diversidade sexual e de xénero de nenos, nenas e adolescentes.

CALIDADE,
ESPECIALIZACIÓN
E AVALIACIÓN

Obxectivo operativo 4.3. Fomentar a calidade dos servizos e programas e a súa especialización e a diversificación, así como unha cultura de avaliación como criterio para a mellora permanente.

ACTUACIÓNS:

4.3.1 Establecemento de criterios de calidade nos procedementos de actuación nos ámbitos de protección e reforma de menores de idade.



4.3.2 Deseño dun modelo común para a elaboración dos informes de seguimento e da memoria anual dos programas de intervención con nenos, nenas e adolescentes.

4.3.3 Elaboración e revisión periódica de protocolos e modelos de intervención en materia de infancia e adolescencia.

4.3.4 Mellora da calidade a través de actuacións tecnolóxicas nos sistemas de información do ámbito do benestar, especificamente nos departamentos competentes en materia de infancia e en servizos sociais comunitarios.

4.3.5 Avaliación do programa de emerxencias "Alerta escolar" de atención a nenos e nenas con patoloxías crónicas.

4.3.6 Desenvolvemento do marco normativo de referencia polo que se crea a Rede galega de atención temperá, no ámbito das competencias dos distintos departamentos implicados (sanidade, educación e servizos sociais).

4.3.7 Implementación e seguimento da esixencia legal da obtención do certificado negativo do Rexistro Xeral de Delincuentes Sexuais.

4.3.8 Desenvolvemento dun protocolo para a protección de datos de carácter persoal nos centros educativos.

4.3.9 Realización dunha avaliación integral das necesidades orzamentarias en materia de infancia e adolescencia, con miras a redistribuír os recursos destinados a facer efectivos os dereitos de nenos, nenas e adolescentes, nomeadamente en relación cun aumento dos investimentos en educación e a prestación de servizos públicos.

COOPERACIÓN E
COORDINACIÓN

Obxectivo operativo 4.4. Reforzar a coordinación e a cooperación inter e intrainstitucional e co terceiro sector para garantir o carácter inmediato e integral da atención mediante unha aplicación eficiente dos recursos dispoñibles, que favoreza a interdisciplinariedade das intervencións e evite a súa duplicidade.

ACTUACIÓNS:

4.4.1 Desenvolvemento de accións de coordinación entre o ámbito educativo e o social na prevención do absentismo escolar e sobre éxito escolar.



4.4.2 Impulso de protocolos de colaboración que garantan a atención de nenas, nenos e adolescentes do sistema de protección e reforma por profesionais do ámbito sanitario, en especial de saúde mental.

4.4.3 Elaboración dun protocolo autonómico en desenvolvemento do “Protocolo básico de intervención contra o maltrato infantil no ámbito familiar” do Observatorio da Infancia, que coordine as actuacións dos e das profesionais dos distintos ámbitos.

4.4.4 Actualización do Protocolo de Actuación en Abusos Sexuais a Menores.

4.4.5 Impulso de actuacións de coordinación entre os servizos sociais comunitarios, os servizos sociais especializados de menores e o servizo de emprego, na elaboración e desenvolvemento de itinerarios de inserción sociolaboral de menores de idade procedentes dos sistemas de protección e reforma.

4.4.6 Fomento da coordinación interinstitucional entre os servizos sociais especializados de menores e os servizos sociais comunitarios en particular na implementación do Informe Social Único.

4.4.7 Establecemento de liñas de colaboración interprofesional e interinstitucional para a planificación coordinada das accións orientadas á detección, atención e seguimento de nenas, nenos e adolescentes en circunstancias especiais derivadas de factores persoais e/ou sociais.

4.4.8 Desenvolvemento e implementación dun programa de asesoramento e coordinación de actuacións na atención do maltrato infantil.

4.4.9 Aplicación dun protocolo de actuación coordinada para a atención e derivación de nenos, nenas e adolescentes con trastorno por déficit de atención e hiperactividade.

4.4.10 Elaboración dun protocolo para a detección, derivación, actuación coordinada e seguimento de nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo entre os departamentos competentes en materia de benestar, educación e sanidade.

4.4.11 Desenvolvemento de mecanismos de control, coordinación e seguimento nos procesos de acollida das nenas, nenos e adolescentes estranxeiros non acompañados, garantindo o interese superior destes e destas menores e facilitando o acceso á información actualizada sobre o devandito colectivo na Comunidade.

4.4.12 Implantación de mecanismos de coordinación entre os servizos sociais, servizos sanitarios e forzas e corpos de seguridade no eido da desprotección infantil.

ANEXO 1: METODOLOGÍA



A Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia 2018-2020 foi elaborada seguindo unha metodoloxía participativa mediante a cal se pretendía materializar un dos seus principios orientadores: a transversalidade da perspectiva da infancia e a adolescencia no deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas, para contribuír ao benestar integral de nenos, nenas e adolescentes. Para iso, optouse por poñer en marcha un procedemento no que tomasen parte os distintos departamentos da Xunta de Galicia, co obxecto de elaborar un instrumento verdadeiramente transversal dirixido á satisfacción das necesidades da poboación infantil e adolescente que reside na comunidade autónoma.

O obxectivo último era, polo tanto, conseguir unha ferramenta de planificación estratéxica que, estruturada en áreas ou liñas estratéxicas de intervención, recollese os obxectivos e actuacións concretas que se desenvolverán nos vindeiros anos e que terán como principal poboación destinataria a infancia e a adolescencia de Galicia, desde unha perspectiva que garanta o carácter integral e intersectorial das distintas actuacións a través da necesaria coordinación e colaboración interdepartamental e interinstitucional.

O proceso metodolóxico iniciouse co deseño da estrutura matriz da EGIA. Tratábase de elaborar un instrumento que resultase operativo e áxil para estruturar as actuacións que os distintos departamentos autonómicos e outras institucións e entidades deberían executar nas anualidades sinaladas a partir da definición dos eixes de acción prioritarios en materia de atención á infancia e adolescencia.

Para iso, conformouse un grupo de traballo no seo da Subdirección Xeral de Familia e Menores dependente da entón denominada Dirección Xeral de Familia e Inclusión Social (actualmente Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica) integrado por persoal técnico de dito departamento. O dito grupo levou a cabo unha serie de sesións de traballo nun período de tres meses, procedemento que tivo como resultado a definición dunha estrutura base articulada en catro liñas estratéxicas cos seus respectivos obxectivos estratéxicos e obxectivos operativos e sobre a cal se deberían integrar as distintas actuacións a incluír neste instrumento estratéxico.

Unha vez elaborada a estrutura matriz deuse paso a unha segunda fase na que deberían definirse e priorizarse as actuacións que conformarían a Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia 2018-2020 enmarcadas nos seus respectivos obxectivos operativos para o que, como se indicou, a partir dunha filosofía de traballo participativa, **solicitouse a colaboración dos distintos departamentos da administración autonómica**, cun dobre propósito:

- Integrar a perspectiva da infancia e da adolescencia no conxunto de políticas públicas que desenvolve o Goberno galego.



- Sumar esforzos e evitar duplicidades en prol dunha maior efectividade dos recursos dispoñibles, dando visibilidade a todo o conxunto.

Coa colaboración de todas as consellerías da Xunta de Galicia, e a partir dunha **reunión informativa** coas persoas coordinadoras designadas en representación dos distintos órganos de dirección, organismos e entes adscritos a aquelas, iniciouse un **proceso de recompilación de información sobre posibles actuacións a incluír na EGIA por parte de cada departamento ou organismo**, tanto daquelas postas en marcha como das previstas para os próximos anos ou outras que cabería impulsar durante o período de vixencia da estratexia, tendo en conta a súa estrutura matriz. Para recadar estas propostas deseñouse un instrumento de recollida de información, unha ficha descritiva na que deberían plasmarse todas e cada unha das actuacións formuladas.

En paralelo a esta recollida e tratamento da información, o órgano responsable da elaboración da EGIA, continuou o **proceso interno de traballo**, definindo as actuacións prioritarias da entón Dirección Xeral de Familia e Inclusión para os vindeiros anos a partir de diversas fontes:

- As propostas de actuación proporcionadas polas **Xefaturas Territoriais** de dito departamento.
- Un **proceso de análise e revisión** dos distintos programas, servizos e normativa en vigor nesa Dirección Xeral, en termos de funcionamento, operatividade ou viabilidade. Un **diagnóstico da situación** da infancia e adolescencia de Galicia, a partir da recompilación e análise da información estatística dispoñible.

Así, analizadas e priorizadas, por unha banda, as propostas de actuación remitidas desde distintos órganos directivos e entes adscritos do conxunto de consellerías da Xunta de Galicia e definidas, por outra, as medidas que se impulsarán e/ou executarán desde o departamento promotor desta Estratexia, foi posible obter un conxunto de actuacións que, desde un enfoque integral, teñen por finalidade proporcionar unha adecuada atención e contribuír ao crecemento saudable e equilibrado da infancia e a adolescencia e á promoción dos seus dereitos.

O dito conxunto de actuacións plasmouse neste primeiro documento borrador da Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia 2018-2020 que, respondendo a criterios técnicos como a coherencia interna, claridade expositiva, operatividade e utilidade das medidas propostas, intégrano un total de catro liñas estratéxicas de acción, 24 obxectivos e 227 actuacións, segundo se describe nos cadros seguintes.

Cadro 1: Nº DE OBXECTIVOS OPERATIVOS E DE ACTUACIÓNS POR LIÑA ESTRATÉXICA E EN TOTAL

LIÑA ESTRATÉXICA	NÚMERO DE OBXECTIVOS	NÚMERO DE ACTUACIÓNS
1 Para a promoción dos dereitos e a participación	6	51
2 Para un crecemento equilibrado e saudable	7	84
3 Para a intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar, escolar e social	7	51
4 Para a mellora da calidade do sistema e a práctica institucional	4	41
TOTAL EGIA	24	227

Cadro 2: DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE ACTUACIÓNS POR OBXECTIVO OPERATIVO

OBXECTIVO OPERATIVO	NÚMERO DE ACTUACIÓNS
LIÑA 1. Para a promoción dos dereitos e a participación	
1.1	11
1.2	8
1.3	8
1.4	13
1.5	5
1.6	5
Total liña 1	51
LIÑA 2. Para un crecemento equilibrado e saudable	
2.1	12
2.2	28
2.3	18
2.4	6
2.5	5
2.6	5
2.7	10
Total liña 2	84
LIÑA 3. Para a intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar, escolar e social	
3.1	6
3.2	13
3.3	4
3.4	11
3.5	7
3.6	5
3.7	5
Total liña 3	51



OBXECTIVO OPERATIVO	NÚMERO DE ACTUACIÓNS
LIÑA 4. Para a mellora da calidade do sistema e a práctica institucional	
4.1	7
4.2	13
4.3	9
4.4	12
Total liña 4	41
TOTAL EGIA	227

ANEXO 2: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN



O seguimento e avaliación dos instrumentos de planificación das administracións públicas constitúen procesos de gran transcendencia na xestión das políticas públicas, posto que a través destes é posible comprobar a pertinencia, eficacia e eficiencia dos plans e programas postos en marcha.

É por iso que as actuacións que está previsto desenvolver ao abeiro da Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia 2018-2020 deben ser obxecto de seguimento e avaliación, para o cal é esencial a colaboración dos distintos departamentos implicados. Para facilitar esta tarefa, o anexo 3 recolle para todas e cada unha das actuacións da EGIA, por liña estratéxica e obxectivo operativo, os indicadores de realización e resultado que permitirán medir e cuantificar a execución das distintas actuacións por anualidade.

Á finalización da súa vixencia, o departamento impulsor da EGIA elaborará un informe de avaliación no que se analizará o grao de execución da estratexia e a efectividade das medidas. Máis en concreto, o informe deberá conter:

- O **grao de execución** das actuacións previstas para cada ano, identificando cales se levaron a cabo, cales non e que actuacións foron iniciadas aínda non tendo finalizado.
- Os **resultados** das diferentes actuacións desde a perspectiva dos indicadores seleccionados para efectuar seu seguimento.

Todas aquelas actuacións directa ou indirectamente dirixidas a persoas, xa sexa como participantes, beneficiarias directas etc. de ditas accións, servizos ou actividades serán desagregados pola variable sexo, en cumprimento do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

**ANEXO 3: TEMPORIZACIÓN E
INDICADORES DE SEGUIMIENTO DAS
ACTUACIONES**



LIÑA ESTRATÉXICA 1: PARA A PROMOCIÓN DOS DEREITOS E A PARTICIPACIÓN

Obxectivo estratéxico: Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na comunidade e en calquera proceso que lle afecte, tendo en conta as súas inquedanzas, opinións, demandas e propostas e as diferenzas por motivos de xénero, culturais e de capacidade.



Obxectivo operativo 1.1						
Establecer mecanismos que posibiliten o coñecemento e sensibilización da sociedade sobre os dereitos e deberes das nenas, nenos e adolescentes, a súa realidade e necesidades, así como sobre os recursos dispoñibles						
ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.1.1 Deseño e posta en marcha de actividades de sensibilización sobre os dereitos, deberes e necesidades da infancia e a adolescencia dirixidas ao conxunto da cidadanía (campañas en medios de comunicación, organización de xornadas divulgativas, conmemoración do día dos dereitos da infancia...).	- Nº de eventos, programas, campañas, materiais didácticos e de divulgación, concursos, premios. - Nº de persoas participantes/destinatarias por sexo	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR			
1.1.2. Realización de actividades formativas dirixidas á comunidade educativa sobre os dereitos e deberes da infancia e adolescencia e en particular sobre a Convención sobre os Dereitos do Neno.	- Nº de accións formativas. - Nº de persoas beneficiarias por sexo e colectivo (alumnado, familias, profesorado).	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL			
1.1.3 Elaboración e difusión dun caderno sobre os dereitos, deberes e necesidades de nenas, nenos e adolescentes dirixido á poboación xeral.	- Caderno de dereitos elaborado. - Nº e tipo de accións de difusión do caderno. - Distribución territorial e por colectivos do caderno.	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				



ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.1.4 Elaboración e difusión dunha guía de recursos públicos destinados á infancia e adolescencia.	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración da guía de recursos. - Nº e tipoloxía de recursos destinados á infancia. - Nº e tipo de accións de difusión da guía. - Mapa de distribución territorial de recursos públicos. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.1.5 Recompilación de recursos privados ao servizo da infancia e da adolescencia existentes na Comunidade autónoma galega.	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración da guía de recursos privados. - Nº e tipo de accións de difusión da guía. - Nº e tipoloxía de recursos privados destinados á Infancia. - Distribución territorial dos recursos na guía. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.1.6 Actualización permanente dos contidos sobre infancia e adolescencia na web oficial "Portal de Benestar" da Xunta de Galicia, con información de interese para a poboación xeral, entidades e profesionais que traballan neste ámbito.	<ul style="list-style-type: none"> - Porcentaxe semestral de actualizacións de información. Contador de visitas. - Nº de entradas do "portal do benestar" por mes/ bimensual/ semestral/anual. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)			



ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.1.7 Difusión da Liña de Axuda á Infancia mediante mensaxes que acheguen o teléfono 116 111 ao conxunto da cidadanía e ás persoas profesionais do ámbito da infancia e da adolescencia e informen sobre a natureza deste servizo a través de distintos medios (campañas de publicidade institucional, información en medios de comunicación, inclusión como mensaxe corporativa nas comunicacións do departamento responsable...).	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de difusión da Liña de axuda a Infancia. - Nº de campañas de publicidade. - Nº de mensaxes corporativos da Liña de Axuda a Infancia. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.1.8 Establecemento dun recoñecemento público para as persoas e institucións que destaquen polo seu labor na defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia a través dunha convocatoria anual de premios.	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación dunha norma reguladora do premio. - Edición anual dos premios "Defensa dos dereitos da Infancia". - Nº de candidaturas propostas por sexo. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.1.9 Difusión entre o conxunto da cidadanía do servizo de información, formación e asesoramento personalizado a adolescentes sobre asuntos que lles afectan e interesan.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de difusión. - Nº de publicacións. - Nº de entidades coas que se traballa para a difusión do servizo. 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				



ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.1.10 Difusión de contidos para a sensibilización e información a profesionais e familias sobre os dereitos e necesidades das nenas e dos nenos, a través da páxina web e blogs asociados da Rede de Escolas Infantís.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de difusión sobre os dereitos e deberes dos nenos e nenas nas escolas infantís. - Nº de visitas ao blog e á web. - Nº de actualizacións da información na web e novas entradas. 	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR				
1.1.11 Posta en marcha de actividades de información e sensibilización dirixidas á toda a cidadanía sobre a necesaria inclusión de nenos e nenas afectados por algún tipo de dificultade ou algún factor de vulnerabilidade ou en risco de padecerlos.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de información/sensibilización realizadas. - Nº de familias informadas de xeito directo. - Nº de visitas ao espazo web. 	D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE				
1.1.12 Apertura de liñas de colaboración entre os departamentos competentes en materia de infancia e adolescencia e acción exterior co fin de mellorar a situación da infancia no mundo.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de cooperación realizadas en favor da mellora da situación da infancia no mundo. - Nº de reunións mantidas para a colaboración entre os distintos departamentos. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	SECRETARÍA XERAL DE ACCION EXTERIOR			



Obxectivo operativo 1.2. Fomentar actuacións favorables aos dereitos da infancia e adolescencia, incluíndo o interese superior de nenos, nenas e adolescentes como principio de actuación transversal e prioritario en todas as políticas públicas.						
ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.2.1 Fomento da inclusión da perspectiva da infancia e a adolescencia nos contidos das accións formativas da Administración Xeral da comunidade autónoma e do sector público autonómico.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de convenios formalizados. - Nº de accións formativas nas que se contempla a perspectiva da infancia. - Nº de persoas beneficiarias por sexo. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.2.2 Establecemento progresivo dun sistema de medición e a realización dun informe previo do impacto sobre a infancia e a adolescencia na normativa impulsada pola administración autonómica.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de impulso para a inclusión da perspectiva na normativa. - Nº e tipoloxía de normas, instrucións etc. nas que se contempla o impacto previsto para a infancia por consellería. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.2.3 Impulso á constitución de comisións profesionais de protección da infancia e da adolescencia tanto por parte da administración autonómica como local.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de xuntanzas, acordos, publicacións para o impulso das comisións. - Nº de comisións de protección á infancia impulsadas e creadas (locais e autonómicas). - Concellos participantes. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL			
1.2.4 Promoción de plans pola infancia e a adolescencia no ámbito da administración local.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de xuntanzas, acordos, publicacións para o impulso da xeración de plans locais. - Nº de plans locais de infancia impulsados e creados. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL			



ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.2.5 Impulso do Pacto de Estado pola Infancia co obxecto de aumentar as adhesións a este, tanto na administración local como na autonómica.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de xuntanzas, acordos, publicacións, informes para o impulso do pacto. - Nº e tipoloxía de accións no Pacto pola Infancia. - Nº de organizacións e entidades adheridas ao Pacto pola Infancia. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL			
1.2.6 Realización de campañas de sensibilización sobre as consecuencias e o impacto da violencia de xénero en nenos, nenas e adolescentes, sobre todo baseadas no uso das novas tecnoloxías e dos novos soportes da información e da comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de campañas de sensibilización realizadas. - Nº e tipoloxía de medios e soportes de divulgación. - Nº de mozos e mozas beneficiarias/participantes. 	S.X. DA IGUALDADE	D.F. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA			
1.2.7 Inclusión dun informe sobre o impacto dos orzamentos na infancia na tramitación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de xuntanzas mantidas para a elaboración do informe - Elaboración do informe 	D.F. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.2.8 Posta en marcha de actuacións encamiñadas a adhesión dos concellos ao Programa Cidades amigas da infancia (CAI).	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de actuacións de impulso da adhesión ás CAI. - Nº de concellos en proceso de adhesión. - Nº de concellos adheridos. 	D.F. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	D.X. DE ADMINISTRACIÓN LOCAL ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL			



Obxectivo operativo 1.3. Proporcionar á poboación infantil e adolescente un maior coñecemento sobre os seus dereitos e deberes e información sobre os recursos dispoñibles en materia de infancia e adolescencia						
ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.3.1 Difusión da Liña de Axuda á Infancia mediante información adaptada á poboación infantil e adolescente, facéndoa accesible especialmente nos lugares de especial afluencia tanto de nenos e nenas como de adolescentes.	- Nº de accións de difusión e información adaptada aos nenos e nenas da Liña de Axuda a Infancia. Porcentaxe de actualizacións e melloras sobre a liña.	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.3.2 Elaboración dun caderno informativo sobre os dereitos e deberes da infancia e da adolescencia adaptado a este grupo de poboación.	- Edición do caderno dos dereitos e deberes dos nenos e nenas. - Nº de exemplares editados/distribuídos por colectivos, entidades, territorialmente etc.	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.3.3 Elaboración e difusión dunha guía de recursos públicos dispoñibles para a infancia e a adolescencia en Galicia cunha definición e catalogación en versión infantil/xuvenil.	- Guía de recursos para a infancia adaptada aos nenos e nenas. - Nº de recursos dispoñibles e actualizacións anuais, bianuais.	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.3.4 Adaptación e difusión en versión infantil/xuvenil de textos legais e instrumentos de planificación vixentes, así como doutros materiais de interese en materia de infancia e adolescencia.	- Nº de documentos e textos legais sobre a infancia en versión adaptada aos nenos e nenas.	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				



ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.3.5 Utilización das principais redes sociais para que rapazas e rapaces teñan coñecemento dos seus dereitos e deberes así como dos recursos dispoñibles, a través de mensaxes claras e adaptadas.	- Nº de post realizados vinculados a dereitos e deberes da infancia e adolescencia.	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	D.X. FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA			
1.3.6 Realización de actividades para facilitar o coñecemento dos dereitos asociados á cidadanía dos e das adolescentes de Galicia que residen no exterior, así como da realidade actual da comunidade autónoma.	- Nº de actividades desenvolvidas. - Nº de adolescentes participantes por sexo.	S.X. DA EMIGRACIÓN	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA			
1.3.7 Información e sensibilización sobre os dereitos e deberes da infancia e da adolescencia a través de actividades lúdicas dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes ingresados en centros hospitalarios.	- Nº de nenos/as e adolescentes participantes por sexo. respecto ao nº de nenos/as e adolescentes ingresados/as.	D.X. ASISTENCIA SANITARIA- SERGAS	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA			
1.3.8 Mantemento e actualización nos currículos de Primaria e Secundaria de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais relacionados co coñecemento, exercicio efectivo e defensa dos dereitos e deberes da infancia e da adolescencia.	- Actualizacións realizadas. - Nº de horas de abordaxe na aula.	D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA			



Obxectivo operativo 1.4.

Promover iniciativas que impliquen un maior protagonismo e presenza da infancia e da adolescencia na sociedade co fin de lograr o recoñecemento do seu papel, visualizala como cidadanía activa e de pleno dereito e garantir a súa educación para a participación, así como que sexa escoitada en todos os asuntos que lle afectan, fomentando a súa intervención en diversos ámbitos da vida social e comunitaria

ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.4.1 Elaboración dun boletín informativo anual sobre participación infantil e adolescente que recolla e difunda as iniciativas públicas postas en marcha na comunidade autónoma.	<ul style="list-style-type: none"> - Edición do boletín de participación infantil galego. - Nº de exemplares editados. - Nº de iniciativas de impulso do boletín: concurso, participación etc. - Nº de accións de divulgación desta medida. - Nº de persoas participantes por sexo. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.4.2 Inclusión da participación de nenos, nenas e adolescentes na toma de decisións sobre organización e funcionamento dos programas e dos centros como criterio de valoración nos pregos de contratación dos centros de menores.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de pregos nos que se inclúe a participación infantil. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.4.3 Creación dun espazo na web institucional da Consellería de Política Social como caixa de correo para a recollida de suxestións.	<ul style="list-style-type: none"> - Creación do espazo de suxestións no portal de política social. - Nº de visitas á caixa de suxestións Nº correos recibidos 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				



ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.4.4 Impulso da instalación de soportes para a recollida de suxestións por parte de nenos, nenas e adolescentes en centros públicos e lugares de especial afluencia de poboación infantil e xuvenil.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº e tipo de accións de impulso (xuntanzas, premios...). - Nº e tipo de accións de impulso (xuntanzas, premios...). - Nº de suxestións anuais. - Nº de soportes instalados. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.4.5 Deseño e posta en marcha de iniciativas de participación presencial para que nenos, nenas e adolescentes trasladen as súas demandas, necesidades e inxerencias ás distintas administracións públicas, como os Consellos municipais e participación infantil e adolescente.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de actuacións para posta en marcha dunha rede de participación. - Creación dunha rede de participación. - Nº de iniciativas de participación da rede. - Nº de nenos, nenas e adolescentes participantes por sexo. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.4.6 Fomento do debate por parte de nenas, nenos e adolescentes en institucións representativas, así como a organización de encontros para promover o diálogo como ferramenta de expresión das ideas propias.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de actuacións para posta en marcha dunha rede de participación (impulso, coordinación). - Nº de centros participantes. - Nº de alumnos e alumnas participantes. - Nº de persoas premiadas por sexo e modalidade. 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				



ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.4.7 Establecemento de liñas de axudas ás entidades locais que garantan o funcionamento do servizo de información xuvenil, a realización de actividades formativas e educativas dirixidas a nenos, nenas e adolescentes, e fomenten o asociacionismo xuvenil.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de solicitudes presentadas. - Nº de entidades locais beneficiarias das axudas. - Nº de nenos/as e adolescentes beneficiarios/as por sexo. - Contía destinada. 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				
1.4.8 Realización de actividades dirixidas á mocidade que estimulen habilidades de participación e debate, a cultura política e o coñecemento de dereitos mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de centros participantes. - Nº de mozos e mozas participantes . 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				
1.4.9 Organización de certames/actividades de recoñecemento para premiar a creatividade e o talento da mocidade galega non profesional.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de mozos e mozas que se presentaron candidatura aos premios de cada modalidade. - Nº de premios outorgados por sexo. 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				
1.4.10 Promoción do voluntariado entre a poboación infantil e adolescente a través da realización de diferentes actividades nos centros de ensino que promovan valores de solidariedade, participación e compromiso social.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de alumnos e alumnas participantes. - Nº de proxectos voluntarios desenvolvidos. - Nº de xuntanzas/visitas de coordinación realizadas. - Nº de accións conxuntas realizadas. - Nº de xornadas voluntarias realizadas. 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				



ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.4.11 Impulso á participación da xuventude galega do exterior nas actividades e nos órganos de representación das entidades galegas a través de diferentes actuacións (congresos, seminarios, cursos...)	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de impulso realizadas. - Nº de actividades realizadas. - Nº de persoas participantes por sexo. 	S.X. DA EMIGRACIÓN				
1.4.12 Creación de equipos de información xuvenil constituídos por alumnado e profesorado para difundir información de interese para a mocidade e fomentar a súa participación neste ámbito.	<ul style="list-style-type: none"> - Memoria de realización das actividades con indicadores numéricos e por sexo. - Publicación da actividade na páxina web da entidade responsable. - Estatística co número de centros educativos participantes no programa. - Nº de grupos de información xuvenil creados. - Nº de mozos e mozas participantes nos grupos de información xuvenil. 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				
1.4.13 Creación do Consello Autonómico de Infancia como órgano de representación infantil.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de impulso realizadas por tipoloxía. - Nº de reunións mantidas para a creación. - Creación do Consello. - Nº de entes participantes. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				



Obxectivo operativo 1.5. Visibilizar o estado actual da infancia e da adolescencia en Galicia a través da difusión de estudos, investigacións, informes, ou calquera outro tipo de datos con información sobre a súa situación						
ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.5.1 Publicación anual de estatísticas sobre execución de medidas xudiciais e medidas de protección de menores, que inclúan información sobre .nenas, nenos e adolescentes estranxeiros non acompañados.	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación da Estatística de protección de menores. - Publicación da Estatística de execución de medidas xudiciais. - Nº de exemplares editados. - Nº e lugares de difusión. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.5.2 Publicación dunha memoria anual de actividades do departamento administrativo autonómico competente en materia de infancia e adolescencia.	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación da memoria anual de actividades de protección de menores e de execución de medidas xudiciais. - Nº de exemplares editados. - Nº e lugares de difusión. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.5.3 Creación dun centro documental de acceso telemático para a divulgación de todo tipo de materiais sobre infancia e adolescencia de interese para profesionais que traballan neste eido e para a poboación xeral.	<ul style="list-style-type: none"> - Creación do Centro documental virtual sobre infancia e adolescencia. - Nº e tipoloxía de documentos por temáticas. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA -AMTEGA			



ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.5.4 Recopilación e difusión periódica e actualizada de datos estatísticos sobre a situación dos mozos e mozas de 16 e 17 anos no mercado laboral galego a través do paro rexistrado e da contratación.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº e % de persoas paradas rexistradas de 16 e 17 anos por nivel formativo e sexo. - Nº e % de persoas paradas rexistradas de 16 e 17 anos por sector de procedencia e sexo. - Nº e % de contratos firmados por persoas de 16 e 17 anos por nivel formativo e sexo. - Nº e % de contratos firmados por persoas de 16 e 17 anos segundo o tipo de contrato e sexo. - Nº e % de persoas paradas de 16 e 17 anos o último día do ano que firman un contrato de traballo no ano seguinte por nivel formativo e sexo. 	D.X. DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL				
1.5.5 Promover a realización de consultas que permitan medir a satisfacción vital dos nenos, nenas e adolescentes en aspectos clave para o seu desenvolvemento.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de promoción realizadas. - Nº de consultas efectuadas. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL			



Obxectivo operativo 1.6. Promover uns medios de comunicación amigables e respectuosos coa infancia e a adolescencia						
ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.6.1 Elaboración e difusión dun código deontolóxico para a protección da infancia e da adolescencia nos medios de comunicación e as novas tecnoloxías dirixido ás persoas profesionais da información e comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de reunións, xuntanzas de coordinación para a elaboración do Código deontolóxico de protección á infancia. - Nº de reunións, xuntanzas de coordinación para a elaboración do Código de autorregulación de contidos audiovisuais. - Nº de accións de difusión. - Elaboración do código. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS			
1.6.2 Avaliación periódica das boas prácticas dos medios de comunicación no tratamento da información sobre a infancia e a adolescencia.	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración do manual de boas prácticas nos medios de comunicación. - Nº de boas prácticas exhibidas nos medios de comunicación. - Convocatoria de xornada de exhibición de boas prácticas. - Premio de boas prácticas sobre o tratamento da información sobre a infancia. - Nº de persoas participantes por sexo e tipo de medio de comunicación. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS			
1.6.3 Impulso á adopción de instrumentos de colaboración cos medios de comunicación para a difusión da Liña de axuda á Infancia xunto coas informacións relacionadas coa poboación infantil e adolescente, así como para un tratamento en positivo das comunicacións realizadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de xuntanzas para a elaboración dun convenio de colaboración para a difusión da liña. - Instrumentos de colaboración asinados. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS			



ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
1.6.4 Impulso á introdución de contidos relacionados cos dereitos da infancia e da adolescencia nos currículos das titulacións do ámbito da comunicación existentes nas universidades galegas.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de xuntanzas coas universidades para a inclusión de contidos acerca de dereitos nos currículos universitarios. - Nº de accións e eventos formativos nas universidades. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
1.6.5 Establecemento dun premio ou recoñecemento público anual ao medio ou medios de comunicación respectuosos coa infancia e adolescencia.	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación dunha norma reguladora do premio. - Edición anual dos premios "Medios Amigos da Infancia". - Nº de candidaturas propostas por sexo. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS			



LIÑA ESTRATÉXICA 2: PARA UN CRECEMENTO EQUILIBRADO E SAUDABLE

Obxectivo estratéxico: Procurar o benestar físico, psíquico, emocional e social da poboación infantil e adolescente, a través da promoción de estilos de vida saudables e de ámbitos familiares, medioambientais e sociais axeitados, así como mediante a detección e a prevención de factores de risco que comprometan o seu desenvolvemento integral, considerando de forma transversal o enfoque de xénero.



Obxectivo operativo 2.1. Favorecer a adquisición de estilos educativos parentais, así como de hábitos e estilos de vida individuais que sexan saudables, equilibrados e construtivos						
ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
2.1.1 Fomento e desenvolvemento de accións educativas dirixidas a nais, pais e titores para a adquisición de coñecementos e ferramentas que axuden a desenvolver estilos parentais positivos que abrangan todas as etapas vitais da infancia adaptándose ás necesidades específicas que require cada momento do seu desenvolvemento.	- Nº de accións educativas impartidas. - Nº de persoas participantes por sexo.	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR				
2.1.2 Promoción da utilización das guías sobre parentalidade positiva elaboradas e validadas desde as diferentes unidades de investigación universitaria.	N- o de accións de difusión. - - Nº de edicións, publicacións das guías.	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA				
2.1.3 Realización de accións de concienciación e formación interxeracional sobre hábitos de alimentación saudable.	- Nº de accións desenvolvidas por tipoloxía. - Nº de persoas participantes/beneficiarias por sexo.	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	D.X. DE SAÚDE PÚBLICA			



ACTUACIÓNS	INDICADORES	RESPONSABLES	CORRESPONSABLES	CRONOGRAMA		
				2018	2019	2020
2.1.4 Promoción da realización interxeracional de actividades lúdicas e deportivas.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións de promoción realizadas. - Nº e tipo de actividades lúdicas realizadas. - Nº de persoas maiores, persoas mozas e nenas e nenos beneficiarios. 	D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	S.X. PARA O DEPORTE			
2.1.5 Desenvolvemento de programas educativos dirixidos a adolescentes para a adquisición e/ou reforzo de coñecementos que axuden a desenvolver hábitos e estilos de vida individual saudables e construtivos.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de centros educativos que demandan o programa. - Nº de centros nos que se imparte o programa. - Nº de adolescentes que participan no programa por sexo.. - Grao de satisfacción dos centros e dos participantes no programa. 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				
2.1.6 Mantemento dun servizo de información e asesoramento presencial, telefónico e en liña dirixido á adolescencia sobre promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco.	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de accións levadas a cabo en cada un dos programas. - Nº de persoas beneficiarias de cada acción por sexo. - Grao de satisfacción das persoas beneficiarias por sexo. 	D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO				
